**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 27 de XUÑO de 2014**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de xuño de 2014, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/14, do 30 de maio.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.766 á nº 11.707 de 2014.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario do mes de xullo de 2014.

4.-Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios. Comisión Superior de Urbanismo.

### Comisión de Infraestruturas: Vías e Obras Provinciais

5.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2014, terceira fase.

### Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de xénero e Normalización Lingüística

6.-Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar Infantil de Ferrol.

7.-Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar Infantil Emilio Romay da Coruña.

8.-Aprobación do convenio coa asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) para financiar o programa de intervención no lecer nocturno "Educando no lecer" 2014.

### Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización dun Campus de Fútbol.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e CEIDA correspondente a unha subvención nominativa para financiar o programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2014.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Santiago correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o XI Festival Internacional de curtametraxes Curtocircuíto 2014.

12.-Aprobación do convenio de colaboración correspondente á subvención nominativa concedida ao Concello de Porto de Son para financiar o programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2014.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o centro de Estudos Melidenses-Museo Terra de Melide correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de actividades culturais do ano 2014.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de actividades culturais: Programa Outra+Outra 2014.

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Federación Galega de Bandas de Música Populares correspondente á subvención concedida para financiar o VI Campus musical 2014.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Vimianzo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a XXI Mostra de Artesanía en Vivo 2014.

**Comisión de Persoal e Réxime Interior**

17.-Aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo 2014, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do día 25 de abril de 2104, con desestimación das alegacións formuladas.

**Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Plan de competitividade turística ano 2014.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar o Plan de competitividade turística ano 2014.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello da Coruña para financiar o Plan de competitividade turística ano 2014.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a entidade Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do programa "Voz Natura 2014".

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFAL-FERROLTERRA) para financiar a adquisición e cesión dun vehículo de transporte adaptado.

23.-Creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña (Aprobación do modelo de acordo a adoptar polas entidades locais para a súa adhesión e aprobación do modelo de convenio que se ha subscribir entre a Deputación provincial e as entidades locais).

**Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

24.-Aprobación da 1ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos para o financiamento das obras de “Restauración do palco da música de Betanzos”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento das obras de “Mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín, A Graña”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento das obras de “Mellora na praza do Concello”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento das obras de “Instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento das obras de “Instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos”.

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento das obras de “Mellora do saneamento e pavimentación na rúa Mártires”.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento das obras de “Aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre”.

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento das obras de “Camiño do Ladeiro e outros (Perlío, Condes…)”.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento das obras de “Aglomerado do camiño de campanario na parroquia de Limodre”.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Neda para o financiamento das obras de “Mellora da seguridade viaria no Concello de Neda”.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Neda para o financiamento das obras de “Pasarela e senda peonil de madeira sobre o río Belle. Tramo río Belelle-Praia da Magdalena”.

36.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de “Reparación do pavimento de varias vías na zona urbana de Ares”.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento da adquisición “Equipo de limpeza de alta presión carrozado sobre remolque”.

38.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de “Reforma da iluminación pública na zona urbana de Ares”.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de ”Pavimentación puntual de camiños no Concello de Ares”.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Bergondo para o financiamento das obras de “Saneamento en Cruz do Sar”.

41.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto para o financiamento das obras de “Mellora de prazas públicas do Concello de Boimorto”.

42.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto para o financiamento de “Subministración de contedores para recollida selectiva de lixo no Concello de Boimorto”.

43.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento de “Equipamento para posta en funcionamento da Casa de Cultura de Cee”.

**Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

44.-Información do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao 1º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

45.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.05.2014 e proxección a 31.12.2014.

46.-Aprobación do expediente de modificación de créditos número 3/2014.

47.-Conta integrada da xestión recadatoria relativa aos recursos doutros entes públicos e recursos propios correspondentes ao exercicio 2013.

48.- Modificación da Base 50 de Execución do Presuposto: Subvención e Transferencias nominativas para o Exercicio 2014.

49.- Proyecto PARTNET-TIC (5ª Convocatoria: Programa operativo de cooperación territorial espacio sudoeste europeo 2007-2013)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego para superar o modelo institucional do estado español e recoñecer o dereito a decidir.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XUÑO DE 2014**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xuño de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

| | |
|---|---|
| DON DIEGO CALVO POUSO | PP |

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO | BNG |
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA | PP |
| DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ | PSOE |
| DON MANUEL COSTA CARNEIRO | PP |
| DON JOSÉ DAFONTE VARELA | PP |
| DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ | PP |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO | PSOE |
| DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ | BNG |
| DONA MARÍA PADÌN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO | PP |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ | PP |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO | PSOE |
| DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS | PP |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN | PP |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON RAMÓN TOJO LENS | PP |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE | PSOE |

O Sr. Calvelo Martínez entra comezada a sesión, no punto número nove, e o Sr. Iglesias Redondo entra no punto número trece.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/14, DO 30 DE MAIO.**

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/14, do 30 de maio.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.766 Á Nº 11.707 DE 2014.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.766 á nº 11.707, de 2104.

**3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE XULLO DE 2014.**

Ratifícase por unanimidade a inclusión deste punto na orde do día, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o día 25 de xullo, último venres dese mes, é festivo. Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

**A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao sétimo mes de 2014 celebrarase o día 30 de xullo, mércores, a partir das doce horas**”.”

**4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS. COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO.**

Ratifícase por unanimidade a inclusión deste punto na orde do día, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida á Presidencia pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 35.1.b).

Visto, por outra banda, que o art. 4º do Decreto 119/1998, do 16 de abril, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, determina que formarán parte da devandita Comisión como vogais, entre outros, “o presidente de cada unha das catro deputacións provinciais de Galicia, ou o deputado provincial en quen expresa e documentalmente se delegue”,

En consecuencia, completando o acordo plenario do 31 de xullo de 2011 que designou exclusivamente ao presidente para formar parte da Comisión.

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indican no organismo que a seguir se relaciona:

**COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO**

Presidente, don Diego Calvo Pouso, quen poderá delegar no deputado provincial don Manuel Taboada Vigo.

Os deputados nomeados polo presente acordou informarán sobre o funcionamento do organismo no que participan en representación da Deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico”.”

**5.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2014, TERCEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2014, terceira fase, integrado pola obra que se relaciona a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | GRUPO - DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) |
|---|---|---|
| 14.1170.0004.0 | Senda peonil Vixán-Graña (DP-7306) Ribeira | 97.926,35 |
| | **TOTAL** | **97.926,35** |

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/454B/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, poderanse proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se emita ningún informe"

**6.-REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN INTERNA DO FOGAR INFANTIL DE FERROL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar Infantil de Ferrol, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Dispoñer a remisión do Regulamento á Consellería de Traballo e Benestar, conforme co disposto na Orde do 1 de agosto de 1996, que regula os contidos mínimos dos regulamentos dos centros de atención a menores, para os efectos de visado establecidos no art. 7.b) do Decreto 254/2011, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais de Galicia.

**3.-** Anunciar no BOP a aprobación inicial do Regulamento para os efectos establecidos no art. 49.b da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, entendéndose, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, definitivamente aprobado.

**4.-** Publicar no BOP o texto íntegro do regulamento, que entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación.

***REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN INTERNA***
***<u>FOGAR INFANTIL DE FERROL</u>***

**ÍNDICE:**

**1.- Parte expositiva. Definición do centro, servizos que oferta e modalidades de estancia. Principios da atención a menores e de desenvolvemento do servizo.**

**2.- Dereitos e obrigacións das nenas e dos nenos.**

**3.- Dereitos e obrigacións do persoal.**

**4.- Estrutura organizativa**
**4.1.- Principios organizativos**
**4.2.- Organigrama xeral da Deputación**
**4.3.- Órganos de goberno e representación. Funcións**
**A) Unipersoais**
**B) Colexiados**
**4.4.- Servizos do centro e persoal**

**5.- Organización interna**
**A) Libros e Rexistros do centro**
**B) Ingresos**
**C) Baixas**
**D) Normas, horarios**
**E) Uso das dependencias e equipamento**

**6.- Relacións coas familias e co medio físico e social.**

**7.- Réxime disciplinario**

## 1.- PARTE EXPOSITIVA. DEFINICIÓN DO CENTRO, SERVIZOS QUE OFERTA E MODALIDADES DE ESTANCIA . PRINCIPIOS DA ATENCIÓN A MENORES E DE DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO.

O Fogar Infantil de Ferrol (FIF), é un centro de atención de día para nenos/as en idades de 0 – 12 anos, do que é titular a Deputación Provincial da Coruña.

O FIF é un recurso que ten encadre nos programas de Acción Social dirixidos á familia e á infancia na asistencia municipal, na liña de apoio aos concellos que marca o art. 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Está ao dispor dos servizos sociais comunitarios específicos de competencia municipal (Decreto 99/2012, do 16 de marzo) nos concellos nos que poida ser útil. A vinculación do FIF cos servizos sociais municipais para o desenvolvemento do programa de atención de día, regúlase mediante un convenio de colaboración entre o organismo titular do centro –Deputación da Coruña- e os concellos que o solicitan (Ferrol e Narón).

O Decreto 243/95 da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, indica no seu art. 7, que un dos requisitos funcionais dos centros de menores, é que deben dispor dun regulamento de réxime interno. Á súa vez, a Orde do 1 de agosto de 1996 da mesma consellería, regula os contidos mínimos do devandito regulamento e establece que nel deben quedar recollidos todos os aspectos relativos a organización e funcionamento. Ademais no artigo 7.1 b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro da Consellería de Traballo e Benestar, establece que é un requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais de Galicia.

Ademais de cumprir cun precepto legal, o Regulamento de funcionamento interno e organización do Fogar Infantil de Ferrol, é un documento técnico para a organización e funcionamento do centro, coa finalidade de que permita de acordo co Proxecto educativo de centro, estruturar e organizar os recursos para responder os obxectivos dos programas que desenvolve, establecendo as canles de comunicación, de coordinación e participación dos recursos humanos da organización, de decisión e colaboración interna / externa.

Este regulamento de réxime interno, pretende tamén regular e reflectir a “cultura” da organización entendida como unha determinada maneira de establecer as relacións profesionais, os procesos e procedementos organizativos en termos de “calidade” e orientada no respecto ás/aos nenas/os e ás súas diferenzas.

***DEFINICIÓN:***

O FI Ferrol é un recurso comunitario de carácter socioeducativo cuxo programa de traballo está destinado á atención de menores (0-12 anos) e apoio ás familias. Proporciona, como equipamento diúrno, a cobertura de prestacións básicas e outras complementarias desde un enfoque educativo personalizado e flexible, adaptándose e respectando as diferenzas, co obxectivo de favorecer o proceso de normalización do funcionamento familiar.

***SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO:***

***MODALIDADES DE ESTANCIA:***

O FI Ferrol é un centro de atención diúrno, de nenas/os (0-12 anos) que presta os seguintes servizos:
Fogar de día con prestacións básicas e outras complementarias . Proporciona, como equipamento diúrno, a atención durante todo o ano (período escolar e de vacacións) para menores de familias usuarias dos servizos sociais municipais.
O centro ten unha capacidade para 75 prazas (70 reservadas para o Concello de Ferrol e 5 para o Concello de Narón) organizadas en unidades educativas.

- **Obxectivos de actuación dos programas:**

Veñen determinados polos convenios de colaboración que se establezan cos concellos e susténtanse dos contidos incluídos no Proxecto educativo de centro (PEC) e nos Proxectos educativos individuais (PEI).

Obxectivos xerais.

- Atención a menores pertencentes a familias usuarias dos servizos sociais municipais.

- Normalización das funcións parentais e autonomía das familias na cobertura das súas propias necesidades, contribuíndo a orientar, apoiar o seu funcionamento e complementar as súas dificultades e carencias.

- Favorecer o proceso de normalización socio-familiar, a través de prestacións propias destes equipamentos: alimenticia, apoio socioeducativo, escolar, actividades extraescolares, outras.

Obxectivos específicos.

- Establécense en función de cada intervención familiar e son específicos desde o centro coas/cos menores e coa familia.

***PRINCIPIOS DA ATENCIÓN A MENORES E DE DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO:***

- O respecto á nena e ao neno, á súa particularidade, á súa privacidade e intimidade, así como á confidencialidade da información coñecida, que debe ser preservada con medidas que aseguren o seu cumprimento.
- Respecto á diversidade familiar, cultural e social. Os patróns de vida familiar difiren segundo a cultura, clase social e comunidade á que se pertence; estas circunstancias deben ser respectadas e aceptadas a condición de que non supoñan uns malos tratos para as/os nenas/os ou vulneren os seus dereitos. Fomentar a interculturalidade como instrumento enriquecedor e superador de prexuízos e desigualdades.
- Debe enmarcarse o coidado das/os menores, no contexto da intervención e do traballo familiar que realiza a entidade pública.
- A atención de nenas e nenos, entraña unha especial responsabilidade cara a elas/es. Esta responsabilidade inclúe satisfacer a súa necesidade de sentirse nunha contorna segura e estable e de considerar á familia como obxectivo da intervención educativa.
- O centro debe desenvolver plans de formación permanente e de reciclaxe profesional, que faciliten a eficacia do seu traballo coas/cos menores.
- Conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptará a Deputación Provincial da Coruña as medidas necesarias para dar cumprimento á regulación en canto ao tratamento, cesión e seguridade dos datos e ficheiros e en especial canto aos principios reguladores no título II da citada lei.
- Adoptar as medidas necesarias para dar cumprimento á regulación dos datos sobre as persoas usuarias do servizo, que se utilicen no desenvolvemento do programa de atención de día en canto ao tratamento, cesión e seguridade dos datos e ficheiros e en especial canto aos principios regulados no título II, de acordo á Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## 2.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DAS/DOS NENAS/OS

***DEREITOS:***

Dentro do respecto ás características e circunstancias individuais, establécese con carácter xeral, o seguinte marco de dereitos:

As nenas e os nenos gozarán de todos os dereitos e liberdades que lles atribúe a lexislación vixente, sen máis limitacións que as derivadas do feito evolutivo. Estas limitacións non deben restrinxir o exercicio do dereito, posibilitándose coas medidas de que dispoña o centro, os procedementos máis acordes á súa idade.

En particular recoñécenselles os seguintes dereitos:

- A recibir o apoio e protección das persoas responsables do centro, para o exercicio efectivo dos seus dereitos como cidadás/ns menores de idade.
- A que as medidas que se adopten non atenten contra a súa liberdade de conciencia cívica, moral ou relixiosa, nin contra a súa dignidade persoal.
- A recibir un bo trato, igualitario, sen discriminación e de respecto á súa persoa.
- A que se respecte a súa vida privada, familiar e social, e intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
- Á asistencia sanitaria e a recibir unha educación nos termos previstos na lexislación vixente para o resto da poboación.
- A recibir información de forma comprensible para a súa idade, sobre os seus dereitos, a súa situación e as súas obrigacións e a pedir explicacións de canto afecte á súa educación.
- A recibir apoio e axuda específica para mitigar os riscos e/ou dano sufrido como consecuencia do proceso persoal que viva ou estea a pasar.
- A comunicarse e/ou pedir explicacións á autoridade administrativa competente que adopten medidas respecto dela/del e a súa familia
- A recibir un trato individualizado de contido educativo para a súa integración sociofamiliar, que teña como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- A que se lle asigne persoal educador, responsable directa da aplicación do proxecto educativo individual e do seguimento da súa evolución no centro e que actuará como profesional de referencia para todas as cuestións que lle afecten.
- A que se lle informe das normas de funcionamento do centro, responsables do centro e funcións, así como do contido do regulamento de funcionamento e organización interna.
- A recibir un tipo de atención con medios o máis afíns posibles coas súas necesidades e circunstancias e a que a calidade destes sexa avaliada e revisada periodicamente, coa fin de previr situacións de desatención ou malos tratos institucionais.
- Á promoción de autonomía persoal, coa potenciación das súas capacidades.
- A elixir aos seus representantes no Consello do Centro, se é o caso por razón da idade das/os menores (apartado 3 da Orde 01.08.96).
- A recibir visitas, chamadas telefónicas e correspondencia segundo as normas do centro.
- A ser educadas/os para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolle que poida facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.

**OBRIGACIÓNS**

A nena e o neno, no marco das características da súa idade, está obrigada/o a:

- Cumprir as normas de convivencia que estableza o centro e máis concretamente, o persoal educador como persoa responsable dos seus seguimentos.
- Asumir os seus deberes e responsabilidades, colaborando coas súas compañeiras/os nas tarefas e obrigacións.
- Ter unha actitude de tolerancia, respecto e consideración con todo o persoal que traballa no centro e coas súas compañeiras/os.
- Observar unha actitude de respecto polos obxectos, materiais e dependencias do centro, así como ás pertenzas doutras persoas.
- Cumprir as normas que a entidade pública estableza respecto do seu caso.
- Cumprir as normas que estableza o centro para o seu funcionamento.

## 3.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO PERSOAL

***DEREITOS:***

O persoal do centro gozará dos dereitos e liberdades que lles atribúe a lexislación vixente, tendo en conta as necesidades do centro e en todo caso, dos seguintes:

- Teñen dereito a recibir información periódica da marcha e funcionamento do centro, a través dos órganos de participación ou na súa falta da súa dirección responsable.
- A presentar propostas que contribúan á mellora do funcionamento do centro e á atención que se presta ás/aos menores.
- A desenvolver as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste nos seus obxectivos aos contidos do proxecto e programación xeral do centro.
- A que se lles proporcione, dentro das dispoñibilidades do centro, os instrumentos e medios necesarios para desenvolver as súas funcións adecuadamente en beneficio das/os menores atendidas/os.
- A participar en actividades formativas de reciclaxe ou supervisión, orientadas a mellorar a calidade do servizo que presta o centro.

***OBRIGACIÓNS:***

- Cumprir e facer cumprir, de acordo coas súas funcións, o regulamento de funcionamento e organización interna, non só nos dereitos e obrigacións que lle corresponden, senón tamén de acordo aos principios nos que se basea.
- Velar polo respecto dos dereitos das/os menores, recollidos no regulamento de funcionamento e organización interna e aqueles recoñecidos na lexislación vixente.
- Respectar a/o menor e a súa familia, sexa cal for a súa orixe e problemática.
- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais, familiares e de imaxe das/os menores aos que teñan acceso polas súas funcións, con absoluta reserva e respecto á privacidade e intimidade.

- Cumprir as tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
- Todo o persoal está obrigado a cumprir coa lexislación aplicable ao centro, incluída aquela canto ás medidas preventivas hixiénicas e sanitarias que lle sexan aplicables.
- Participar nas actividades de formación e/ou supervisión que se estimen necesarias, en especial as destinadas a establecer directrices para o proxecto socioeducativo individual de cada menor.
- Someterá a súa actuación a normativa prevista na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e de conformidade co disposto nos convenios que leven a cabo entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos, gardando reserva sobre os seus expedientes ou as súas familias.

## 4.- ESTRUTURA ORGANIZATIVA

### *4.1.- PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS XERAIS DO CENTRO:*

A organización funcional dos recursos humanos do centro, sostense nos principios e criterios que inspiran o Proxecto educativo de centro e de entre eles, en concreto nos seguintes:

- A organización do centro, persegue a atención ás/aos menores nunha contorna segura, protectora e educativa.
- Todo o persoal do equipo de traballo (RRHH) do centro, sexa cal for a súa posición e tarefas no organigrama de centro, serve tamén como referencia educativa nas súas actuacións para coas/cos nenas/os usuarias/os do servizo; de aí o seu compromiso e responsabilidade, non só no desenvolvemento da tarefa, senón tamén na súa posición / actitude persoal como referente adulto.
- A organización das funcións, actividades e tarefas que se asignen a cada posto, buscan a eficacia, a coherencia interna da intervención educativa e social e que o traballo integral do centro beneficie a normalización familiar.
- A coordinación interna e externa son un deber e un compromiso ético para o traballo de calidade coas/cos nenas/os.

O organigrama contén a descrición orgánica e funcional do centro, determina as relacións de dependencia e as funcións das persoas da organización. Este pretende ser unha ferramenta básica e orientadora das actuacións para a consecución dos obxectivos do centro, supeditada ás fins e obxectivos da devandita organización, e terá en conta que a atención das nenas e nenos do Fogar, de acordo aos principios recollidos no Proxecto educativo do Centro e neste propio regulamento, é prioritaria e o referente para axustar a organización, as tarefas e funcións ás necesidades das persoas usuarias e do servizo.

### *4.2.- ORGANIGRAMA XERAL DE SERVIZOS DA DEPUTACIÓN:*

No organigrama desta Deputación, o centro aparece integrado na área de Servizos Provinciais e xerarquicamente, a dirección do Fogar Infantil depende da Presidencia e da Dirección de área correspondente.

### *4.3.- ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN:*

**A) Órganos unipersoais: dirección**

Representa ao centro e é responsable do seu correcto funcionamento.

FUNCIÓNS:

- Convocar e presidir os órganos colexiados do centro e desenvolver o seu labor neles, conforme o réxime xurídico establecido nos art. 22 e s.s. da Lei 30/92 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que modifica a Lei 4/99, do 13 de xaneiro.
- Dar soporte ao persoal educador, na tarefa diaria, a pedimento delas/es.
- Favorecer o traballo en equipo, a comunicación e coordinación entre o persoal, potenciando a integración de recursos humanos do centro e buscando a coherencia da intervención educativa e social.
- Dirixir, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Programar e coordinar as melloras e actividades que vaian encamiñadas ao bo funcionamento do centro e a mellorar a calidade do servizo que presta o centro.
- Dirixir ao persoal adscrito ao centro, a súa organización, xestión e o control do exercicio das responsabilidades de cada posto e trasladar á Deputación, as que sexan considerables.
- Xestionar, de forma global, o centro que inclúe propostas e control orzamentarios, de investimentos, administrativos e de mantemento.
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes e regulamento de réxime de funcionamento e organización interna e cantas disposicións emanen dos órganos competentes e da Deputación provincial.
- Custodiar os libros oficiais do centro e os expedientes das/os menores ingresadas/os ou que estean no centro.
- Participar en cursos de formación e perfeccionamento.
- E en xeral, todas aquelas que se correspondan co seu labor xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto de dirección.

**B) Órganos colexiados: Consello do Centro, Comisión Educativa.**

**Consello do Centro**

É un órgano colexiado, regulado na Orde do 1 de agosto de 1996, ao cal lle corresponde asumir a coordinación xeral do centro, marcando as directrices e adoptando os acordos procedentes. Compóñeno os seguintes membros:

- Dirección do centro.
- Unha persoa en representación da administración titular do centro, designada pola Presidencia da Deputación.
- Unha persoa designada pola Presidencia entre a persoal da área correspondente aos centros de menores.
- Unha persoa designada pola Presidencia, entre o persoal dos servizos centrais que interveñan na xestión dos centros.

- un representante do persoal dos servizos educativos e de atención directa ao menor: persoal educador, auxiliar-educador e celador, designado polo propio persoal que ha de ser representado.
- Un representante do persoal técnico ( técnico/a de servizos sociais) designado polo propio persoal que ha de ser representado.
- Un representante do persoal de servizos xerais do centro, designado polo propio persoal que ha de ser representado.

FUNCIÓNS:
Entre outras, son:
- Elaborar a proposta do proxecto de regulamento de funcionamento e organización interna e propor a aprobación ao órgano correspondente.
- Elaborar e avaliar a memoria anual de actividades.
- Aprobar o proxecto educativo e programación anual de actividades, elaboradas pola Comisión Educativa.
- Propor cantas medidas consideren convenientes para o centro e/ou para mellorar o seu funcionamento.

- Supervisar que as directrices e programacións se axusten aos principios, criterios e obxectivos de centro.

**Comisión Educativa**

É un órgano colexiado que planificará e desenvolverá especialmente as tarefas da área educativa do Fogar. É unha comisión de traballo operativo para o seguimento de casos, a coordinación interna e externa do centro e a posta en común de información para o seguimento educativo e entende de contidos de programas específicos que desenvolve o centro. Está composta polos seguintes membros: dirección, educadoras/es.

FUNCIÓNS:
- Elaborar o proxecto educativo do centro, programación anual de actividades.
- Elaborar e avaliar os instrumentos para o desenvolvemento da intervención educativa (PEI).
- Proporlle ao Consello de Centro modificacións e/ou iniciativas que incorporar aos programas do centro, así como achegar os datos necesarios para a elaboración do regulamento de funcionamento e organización interna e da memoria anual.
- Realizar o seguimento da programación do centro e do proxecto educativo grupal e individual.
- Supervisar a aplicación dos proxectos educativos individualizados e a súa adecuación ao proxecto educativo do centro.

***4.4.- SERVIZOS DO CENTRO E PERSOAL:***

**A) Distribución de servizos do centro**
O persoal do Fogar Infantil de Ferrol distribúese organicamente nos seguintes servizos:

1. Dirección

2. Persoal educativo:

  - Educadoras/es
  - Auxiliares educadoras/es
  - Celadoras/es

3. Servizos xerais:

- Administración: auxiliar administrativo
- Recepción portería: encargadas/os de portería
- Cociña: cociñeiras/os
- Lavandería: operarias/os servizos varios
- Limpeza: operarias/os servizos varios
- Mantemento: oficial operario/a de servizos

4.Técnico de servizos sociais.( Traballador social) Área Servizos Provinciais

**B) Persoal e funcións. Educadores/as.**

Funcións acordadas en Pleno da Corporación do 20/12/2013.

**Educadoras/es (C1)**

- Exercer a titoría das nenas e nenos mantendo unha relación profesional e afectiva con elas/es, tendo en conta as características persoais de cada unha ou a través da observación, reflexión e estudo do seu expediente persoal e doutros medios válidos para conseguir esta información.
- Elaborar a programación propia do seu fogar, actividades, repartición de tarefas e obxectivos de acordo ao proxecto educativo individual (PEI) de cada nena/o, así como as tarefas e actividades que se han de realizar na súa ausencia.
- Elaborar e desenvolver o PEI e informes educativos de cada nena/o, nas diferentes áreas e tarefas que implican a súa acollida, desenvolvemento persoal e integración social.
- Asumir a responsabilidade educativa das/os nenas/os e a súa acollida.
- Realizar a acollida de cada novo membro no seu grupo, informando a nena ou neno dos seus dereitos, das características da medida, da posibilidade de contactos familiares.
- Facilitar o acceso e acompañar as/os nenas/os a recursos (médicos, psicolóxicos, xurídicos...).
- Responsabilizarse do seguimento médico sanitario e da administración dos tratamentos médicos prescritos ás/aos nenas/os e da coordinación destes na súa ausencia coas/cos educadoras/es e coas/os auxiliares educadoras/es.
- Organizar as compras do vestiario, calzado, equipamento, útiles e obxectos de cada menor e a súa participación, tendo en conta os seus gustos e preferencias.
- Intervir constantemente e crear hábitos sociais necesarios a través da vida cotiá, organizando as actividades diarias, a hixiene persoal, saúde e seguimento escolar.
- Manter e coidar os vínculos entre as/os nenas/os e as súas familias transmitíndolle á nai e ao pai a información sobre a súa evolución nos seus distintos ámbitos.
- Planificar as visitas, saídas e contactos, supervisalos e valorar a súa calidade, axustados pola entidade competente, tendo en conta as necesidades das

nenas/os, facilitando o encontro familiar e responsabilizándose do adecuado control e rexistro.

- Traballar coas familias as habilidades socioeducativas en función das súas necesidades e do desenvolvemento evolutivo das/os nenas/os.
- Establecer criterios unificados de actuación co persoal educador e auxiliar e coordinar as súas tarefas nas diferentes quendas.
- Manter as entrevistas necesarias con profesionais internas/os e externas/os ao centro, para o seguimento das distintas áreas do PEI.
- Custodiar a documentación de soporte para a elaboración do PEI e do seu seguimento.
- Participar de forma activa nos cursos de formación e perfeccionamento.
- E todas aquelas que se correspondan co labor xeral, o nivel, os coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Educadoras/es (A2)**

Son funcións que lles corresponden, entre outras:

- Asumir a dirección en funcións en ausencia desta no relativo ás súas competencias.
- Dar soporte á dirección en cuestións técnicas do ámbito educativo.
- Exercer a intervención / acción educativa.
- Análise da situación das/os menores e das súas familias a través da observación, reflexión e análise do seu expediente persoal e doutros medios válidos para conseguir esta información.
- Participar na Comisión Educativa do centro, coas funcións alí asignadas e co persoal educativo.
- Participar, por medio dos seus representantes, no Consello do Centro para as funcións asignadas a este órgano colexiado.
- Asumir a intervención educativa das/os menores e a súa acollida, así como o seguimento de cada caso, individual e familiar.
- Organizar o tempo extraescolar, libre e de vacacións, tendo sempre como obxectivo a normalización e a integración das/os menores, valorando os seus intereses, gustos e afeccións propias.
- Intervir e crear hábitos sociais necesarios a través do seu “acompañamento” na vida cotiá, organizando as actividades diarias, hixiene persoal, saúde e seguimento escolar co persoal auxiliar educativo.
- Apoiar e orientar á familia, fomentando a súa participación e implicación na tarefa socializadora e educadora das súas fillas/os, así como informalos da evolución de cada caso.
- Establecer e coordinar as actuacións do persoal auxiliar educativo de acordo co *Proxecto educativo do centro,* a *Programación anual* e os *Proxectos educativos individuais.*
- Elaborar e desenvolver o *Proxecto educativo individual* de cada nena/o, con todos os rexistros asociados (informe inicial, informe de seguimento, informe final).
- Participar na elaboración do *Proxecto educativo do centro*, da *Programación anual de actividades* e na *Memoria anual*.
- Elaborar informes de seguimento e evolución das/os menores ao seu cargo e participar nas reunións de seguimento de casos.
- Coordinar as actuacións necesarias con outros profesionais para o seguimento das/os menores e da súa situación sanitaria, familiar e escolar.

- Elaborar informes, rexistros e outra documentación técnica específica que se corresponda ao seu nivel de competencia.
- Participar, de forma activa, nas actividades de formación internas do centro relacionadas coas súas tarefas, así como de cursos de actualización e reciclaxe.
- Asumir as tarefas técnicas que lles encomende a dirección durante a xornada e en ausencia da dirección.

**Auxiliar educadora/or**

Segundo o aprobado no Pleno con data do 30.11.2007, correspóndenlle as seguintes funcións:

- Apoio ás funcións das/os educadoras/es.
- Desenvolver en coordinación coas/cos educadoras/es, as tarefas necesarias para a execución do Proxecto educativo do centro.
- Colaborar coas/cos educadoras/es, na recollida de datos e informar as circunstancias que deben figurar nos informes educativos de cada menor, observación e rexistro dos cambios producidos nas/os menores no que refire ao seu ritmo de comida, soño, estado anímico, etc.
- Apoiar o desenvolvemento do Proxecto educativo individual de cada menor.

- Estar presente, de forma activa, en todas as actividades do grupo e facer das actividades cotiás, o lugar, espazo e tempo onde se desenvolve o Proxecto individual, colaborando e apoiando as actividades de vestirse, xogar, traslado ao colexio, hixiene persoal, deitarse, comer, acompañamento a actividades, saídas de lecer e outras.
- Colaborar nas actividades do centro.
- Manter as condicións de limpeza, hixiene e orde nas estancias do centro (comedor, salas, galerías,…) e no vestiario e obxectos de uso das/os menores.
- Participar de forma activa nas actividades de formación internas do centro.
- Participar de forma activa nas reunións de seguimento de casos.
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- Todas as demais que lle correspondan ao posto e estean relacionadas coas anteriores.

**Celadoras/es**

As funcións deste posto, de acordo ao aprobado no Pleno con data 30.11.2007, son:

- Apoio ás funcións do persoal educador e persoal auxiliar educador.
- Transmitir ás/aos titoras/es a observación e rexistro de cambios e circunstancias no desenvolvemento da vida da/o menor no centro, que sexan de interese para o seu proxecto educativo.
- Executar as instrucións recibidas para o desenvolvemento do Proxecto educativo individual de cada menor.
- Estar presente de forma activa, en todas as actividades do grupo e facer das actividades cotiás, o lugar, espazo e tempo onde se desenvolve o proxecto individual, colaborando e apoiando as actividades de vestirse, xogar, traslado ao colexio, hixiene persoal, deitarse, comer, acompañamento a actividades, saídas de lecer e outras.
- Colaborar nas actividades do centro.

- Manter as condicións de limpeza, hixiene e orde nas estancias do centro (salas sesta, comedor, salas, galerías,…) e no vestiario e obxecto de uso das/os menores.
- Participar de forma activa nas actividades de formación interna do centro.
- Cando así llo requira, participar de forma activa nas reunións de seguimento de casos.
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para desempeño do seu posto de traballo.
- Todas as demais que correspondan ao posto e estean relacionadas coas anteriores.

**Técnica/o de Servizos Sociais – Traballadora/or social**
Adscrito á Área de Servizos Provinciais.

Realizará as funcións propias da súa titulación e categoría profesional e entre outras:

- Apoio técnico á dirección en tarefas da súa competencia.
    - Coordinación técnica entre a Sección de Servizos Sociais da Deputación e o Fogar Infantil, en materias da súa competencia.

    - Elaboración de informes sociais dos/as menores, se se require.
    - Valoración e seguimento de casos na intervención social, en colaboración cos Servizos Sociais municipais e o persoal educativo do centro, se fose necesario.
    - Coordinación técnica cos recursos e equipos externos ao centro, que sexa necesaria para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coa dirección do centro.
    - Participación na forma en que se determine, nas actividades de formación interna do centro relacionado coas súas funcións.

**Auxiliar administrativa/o Admón. xeral**
A categoría é auxiliar administrativa/o pero as funcións correspóndense coas reguladas para administrativa/o, en acordo plenario con data do 30/11/2007:

- Tramitación de expedientes (informes-propostas, resolucións e ditames, actas, etc.)
- Seguimento de procedementos.
- Actualizacións lexislativas e a súa aplicación.
- Traballos en soporte informático (tratamento de textos, folla de cálculo, etc.)
- Actividades administrativas de xestión, tramitación e colaboración preparatorias, complementarias e derivadas das funcións superiores.
- Arquivo.
- Cálculo sinxelo.
- Ademais das anteriores, e como funcións específicas: custodia dos libros oficiais do centro e xestión dos expedientes dos/as nenos/as, anticipo de caixa fixa e todas aquelas que se correspondan co seu labor xeral, o nivel de coñecementos requiridos e responsabilidade atribuída ao posto.

**Encargadas/os de portería**
Baixo responsabilidade e instrucións da dirección:

- Control de apertura e peche do centro.
- Recepción e entrega de menores ás persoas autorizadas segundo rexistro "autorizacións"

- Control de entradas e saídas das persoas do centro ou alleas a este (familias, provedores, persoal técnico doutras institucións/administracións, colaboradores, ..)
- Controlar as entradas e saídas de mercadorías.
- Cubrir adecuadamente e gardar a documentación correspondente ao servizo de portería.
- Atender as chamadas de teléfono do Fogar e trasladalas á extensión que corresponda ou recoller o aviso.
- Facerse cargo da entrega de avisos e facelos chegar puntualmente á persoa destinataria.
- Recibir as visitas e acompañalas ao recibidor ou sala de visitas.
- E todas aquelas que se correspondan co seu labor xeral, o nivel e os coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Cociña. Cociñeiras/os**
Está integrada por cociñeiras/os. Entre outras, correspóndenlles:

- Preparación e elaboración de menús
- Estimación das materias primas necesarias, evitando custos innecesarios.
- Presentación e decoración dos diferentes pratos e sobremesas.
- Acondicionamento para o transporte de pratos elaborados.
- Solicitude, recepción e almacenamento de materias perecedoiras e non perecedoiras.
- Conservación e envasado de alimentos.
- Utilización adecuada da maquinaria, equipos e útiles: fornos, ferros, marmitas, fogóns, …
- Responsabilizarse da limpeza das instalacións e dependencias da cociña, así como da limpeza e coidado da maquinaria, equipos e útiles da cociña.
- Eliminación de residuos alimentarios respectando as normas establecidas.
- Cobertura dos rexistros que soportan o sistema de análise de perigos e puntos críticos de control.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, incidencias, menús, produtos, …).
- E todas aquelas que se correspondan co labor xeral, o nivel e os coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.
- Cumprimento de rexistros asociados ao manual APPCC.

**Lavandería. Operarios/as servizos varios**
Realizarán tarefas en lavandería e limpeza.

- Interpretar a etiqueta de composición e de conservación, clasificar os artigos téxtiles para asegurar que as operacións de lavado, lixiviado, secado e pasar o ferro se fagan nas condicións adecuadas.
- Identificar a natureza das manchas para obter información significativa sobre o procedemento de lavado e aplicar o produto adecuado para o predesmanchamento.
- Preparar e programar a máquina para realizar a limpeza dos artigos téxtiles e empregar os produtos necesarios para o lavado, tendo en conta a dose establecida e o momento de aplicación.
- Realizar e controlar o lavado e a hidroextracción, comprobando que a limpeza conseguida sexa a adecuada.
- Preparar as máquinas e operar con elas en condicións adecuadas, segundo os artigos téxtiles que se van procesar.

- Preparar as máquinas de pasar o ferro (calandra) para roupa plana e operar con elas en condicións apropiadas, segundo os artigos téxtiles que se van tratar.
- Identificar o espazo físico en que se distribúen as áreas ou as zonas de lavandería, en función das medidas hixiénicas e do proceso produtivo.
- Recibir e distribuír a roupa das/os menores, da lencería de dormitorios, comedores e en xeral do centro, segundo se teña establecido.
- Reparar, cando cumpra, a roupa e a lencería xeral do centro.
- Responsabilizarse da limpeza das dependencias da lavandería, así como da limpeza e coidado da maquinaria, equipos e útiles de lavandería.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, desorde, sucidade inhabitual, …).
- E todas aquelas que se correspondan co labor xeral, o nivel, os coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Limpeza.**

- Responsabilizarse da limpeza das dependencias do centro, así como da limpeza e coidado da maquinaria, material e útiles, para garantir a maior eficacia e mantemento destes.
- Organizar e realizar a limpeza e protección de superficies, determinando procedementos, máquinas, accesorios, útiles e produtos, para conseguir o efecto desexado.
- Realizar a limpeza dos espazos e mobiliario situado no interior e exterior do edificio, así como de pisos, paredes, teitos e cristais, segundo as súas características e peculiaridades.
- Escrupulosa limpeza dos baños e aseos, verificando a pulcritude, hixiene e desinfección, para garantir a súa utilización en condicións de limpeza.
- Revisar o material necesario como os dispensadores de hixiénico, papel de mans, xabón ou outros, comprobando a súa dispoñibilidade para, no seu caso, repoñelo.
- Retirada e eliminación da sucidade e residuos (cartóns, plásticos, entre outros) atendendo á recollida selectiva de lixo para atender á normativa de protección ambiental.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, desorde, sucidade inhabitual,…).
- E todas aquelas que se correspondan co labor xeral, o nivel, os coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.
- Cumprimento de rexistros asociados ao manual APPCC.

**Mantemento. Oficial/a operario/a de servizos**

Correspóndenlle as tarefas propias da súa categoría como oficial/a operario de servizos, relativas ao mantemento e coidado dos materiais e instalacións do centro. Adscrito á Área de Arquitectura e Mantemento.

- Seguimento e control do cumprimento dos diferentes contratos de mantemento das instalacións que figuran no centro (ascensores, alarma, incendios, caldeiras, xardíns e outros) así como, as reparacións que se realicen.
- Advertir á dirección das deficiencias detectadas no mantemento e, así como presentación de propostas en relación ao mantemento e revisión das devanditas instalacións e materiais e cumprimento dos rexistros oportunos incluídos nos plans de APPCC e outros.

- Reparación de avarías ou substitucións de material relacionadas cos coñecementos requiridos para o posto e tarefas encomendadas.
- Cumprimento de rexistros asociados ao desenvolvemento das súas tarefas.

## 5.- ORGANIZACIÓN INTERNA

A organización do Fogar é competencia da súa dirección, que en todo caso está enmarcada no presente Regulamento e que deberá considerar as decisións da Comisión Educativa e do Consello do Centro.

### A) Rexistros internos do centro. Libros e rexistros.

O Fogar disporá dos seguintes rexistros:

1.- *Libro de rexistro de altas e baixas.* Nel constan rexistrados todos os ingresos e baixas no centro, cos datos de identificación que deben constar no devandito rexistro.

2.- *Rexistro de reclamacións.* Este estará ao dispor das/os menores do centro, familiar directas ou representantes legais das/os menores, así como de calquera outra persoa que teña a título persoal ou profesional algún contacto co centro en relación ás súas funcións.

Ademais existe un *expediente individualizado de cada menor* que consta, cando menos, da documentación administrativa, sanitaria, educativa, proxecto educativo individual e de seguimento.

En relación aos libros e rexistros, o centro cumprirá co disposto coa normativa de seguridade referente ao tratamento de datos de carácter persoal.

### B) Ingresos

Procederase para o ingreso segundo o establecido nos convenios subscritos cos concellos usuarios. Tramitarase mediante solicitude do concello interesado e resolución da Deputación aprobándoo. O expediente individualizado conterá polo menos os seguintes documentos:

- Resolución de ingreso da Deputación

- Solicitude de ingreso no Fogar de día do concello responsable debidamente cuberta.

- Informe social dos servizos sociais municipais

- Documentación persoal do menor

- Todos os rexistros e/ou informes técnicos, educativos que se elaboran desde o ingreso ata a baixa e que son necesarios para a intervención educativa.

A resolución pola que se dispón o ingreso, dará lugar á aplicación da ordenanza reguladora da taxa por establecementos provinciais, ou aos importes establecidos no convenio no seu caso.

**C) Baixas**

A baixa dun/nha menor no centro, producirase mediante comunicación do organismo que solicitou o ingreso, dirixido ao Fogar, que o porá en coñecemento da Deputación.

**D) Normas. Horarios**

O centro establece as **normas** referidas neste regulamento, destacando a súa finalidade como reguladoras da conduta de todas/os as/os menores, as súas familias e o persoal do centro.

Esas normas, de carácter xeral, son susceptibles de adaptarse ás necesidades específicas de cada grupo e ás necesidades individuais das/os menores segundo circunstancias persoais e familiares e períodos lectivos e non lectivos.
**Horario**: o centro prestará servizo durante todo o día, todos os meses do ano, excepto festivos locais e nacionais.

Existe un horario de apertura e peche de centro, de 8:00 a 22:00 horas de luns a venres e de 8:00 a 15:00 horas os sábados. Os horarios de asistencia das/os menores ao Fogar, variarán en función das súas situacións familiares e veñen determinados polos equipos técnicos dos servizos sociais municipais.

En xeral:

Apertura centro, 8:00 h

Almorzos, 8:15 - 8:50 h

Comidas, 13:30 h (sen escolarizar) / 14:30 h (escolarizadas/os)

Servizo actividades extraescolares e apoio escolar, 16:00 h

Merendas, 17:00 / 18:00 h

Peche centro, 22:00 h

**E) Uso de dependencias e equipamento**

O centro dispón de espazos comúns e outros diferenciados para a realización das actividades programadas para as/os menores e para o uso do persoal.

Cada unidade – persoal e menores – é responsable do uso adecuado das instalacións, do equipamento e do material dispoñible, así como do mantemento, en condicións óptimas para a súa utilización.

## 6.- RELACIÓNS COA FAMILIA E CO MEDIO FÍSICO E SOCIAL

**Coa familia**

Manterase un contacto directo e personalizado coas familias, co obxecto de favorecer a súa implicación e participación no funcionamento do centro.

Procurarase o reforzo dos lazos familiares a través de diferentes actividades (festas conxuntas, xornadas de portas abertas, taller de nais e pais, participación en diferentes actividades,…) así como a súa participación na organización e goce de tales eventos.

**Co medio físico e social**

Fomentarase a participación das/os menores en actividades deportivas, culturais, recreativas da comunidade e da contorna.

Realizaranse saídas do centro (visitas culturais, deportivas, etc) coñecemento da contorna en función dos horarios e estancias das/os menores.

## 7.- RÉXIME DISCIPLINARIO

As faltas cometidas polo persoal do centro, que poidan considerar sancionables segundo a regulación aplicable, serán postas en coñecemento do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña para que dispoña a tramitación pertinente de acordo á súa situación laboral.

Para a valoración do incumprimento de deberes e obrigacións do persoal funcionario e laboral previstos na normativa disciplinaria aplicable, terase así mesmo en conta o previsto neste regulamento de funcionamento e organización interna.

As faltas cometidas polas/os nenas/os no incumprimento deste regulamento, das normas de convivencia canto ás súas educadoras/es, compañeiras/os ou obxectos da contorna, serán valoradas e tratadas polo persoal educador, aplicando as/os educadoras/es a medida educativa que se considere acorde á falta e á súa idade e no seu caso, de acordo ao protocolo vixente.

## DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

En relación aos apartados do regulamento nos que figuren as referencias normativas, tanto da comunidade autónoma como ás aplicables a menores ou á administración, serán de aplicación no seu momento as que estean vixentes.

## DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.

O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Esta publicación farase unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

**7.-REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN INTERNA DO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY DA CORUÑA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar Infantil “Emilio Romay” da Coruña, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Dispoñer a remisión do Regulamento á Consellería de Traballo e Benestar, conforme co disposto na Orde do 1 de agosto de 1996, que regula os contidos mínimos dos regulamentos dos centros de atención a menores, para os efectos de visado establecidos no art. 7.b) do Decreto 254/2011, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais de Galicia.

**3.-** Anunciar no BOP a aprobación inicial do Regulamento para os efectos establecidos no art. 49.b da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, entendéndose, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, definitivamente aprobado.

**4.-** Publicar no BOP o texto íntegro do Regulamento, que entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación.

***REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN INTERNA***
***FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY***

***DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO:***

- Denominación: **Fogar Infantil Emilio Romay**
- Representante Legal: presidente da Deputación Provincial da Coruña
- CIF: P1500000C
- Domicilio da entidade: Alférez Provisional, 2. 15006. A Coruña
- Domicilio do centro: Joaquín Planells Riera, 33. 15008. A Coruña
- Teléfonos de centro: 981 230 906 / 981 080 182
- Fax do centro: 981 240 044
- Web: www.dicoruna.es
- Correo electrónico: fogarinfantil.emilioromay@dicoruna.es
- Núm. de inscrición: 01281
- Núm. de identificación de autorización de inicio de actividades: 01281-C-001
- Núm. de identificación no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais: E-1335

**ÍNDICE:**

**1. Parte expositiva, definición do centro, servizos que oferta e modalidades de estancias. Principios da atención a menores e de desenvolvemento do servizo**

**2. Dereitos e obrigas das nenas e os nenos**

**3. Dereitos e obrigas do persoal**

**4. Estrutura organizativa**
**4.1. Principios organizativos**
**4.2. Organigrama xeral da Deputación**
**4.3. Órganos de goberno e representación. Funcións**

**A) Unipersoais**
**B) Colexiados**
**4.4. Persoal do Centro. Funcións**

**5. Organización interna**
**A) Libros e Rexistros do Centro**
**B) Ingresos**
**C) Baixas**
**D) Normas. Horario**
**E) Uso das dependencias e equipamento**

**6. Réxime de visitas e saídas**

**7. Réxime disciplinario**

## 1. PARTE EXPOSITIVA. DEFINICIÓN DO CENTRO, SERVIZOS QUE OFERTA E MODALIDADES DE ESTANCIA. PRINCIPIOS DA ATENCIÓN A MENORES E DE DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

O Fogar Infantil "Emilio Romay" (FIER), é un establecemento de acollida para a infancia en idades de 0-12 anos, de ambos sexos en situación de risco ou desamparo, do que é titular a Deputación Provincial da Coruña.

Como centro o FIER é un recurso que ten encadre nos programas de Acción Social da Deputación da Coruña dirixidos a Familia e Infancia. Está a disposición dos servizos sociais comunitarios específicos de competencia municipal (Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento) nos concellos nos que poida ser útil, na liña de apoio a estes que marca o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais. Ademais está a disposición dos servizos sociais especializados da entidade competente en materia de protección de menores nesta comunidade autónoma, que é a Xunta de Galicia.

A protección de menores é unha competencia exclusiva da comunidade autónoma, a esta correspóndelle a través da consellería competente exercer "a protección integral das/os menores que residan ou se atopen transitoriamente en Galicia" (art. 24, Decreto 42/2000).

A vinculación do FIER coa comunidade autónoma para o desenvolvemento do Programa de acollemento residencial, regúlase mediante un convenio de colaboración entre o organismo titular do Centro -a Deputación da Coruña- e a Xunta de Galicia.

O Decreto 243/95 da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, indica no seu art. 7 que un dos requisitos funcionais dos Centros de Menores, é dispoñer dun Regulamento de réxime interno. Á súa vez, a Orde do 1 de agosto de 1996 da mesma consellería, regula os contidos mínimos do dito regulamento e establece que non deben quedar recollidos todos os aspectos relativos á organización e funcionamento. Ademais no artigo 7.1 b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, da Consellería de Traballo e Benestar establece que é un requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais de Galicia.

Ademais de cumprir cun precepto legal, o Regulamento de funcionamento e organización interna do Fogar Infantil Emilio Romay, é un documento técnico para a organización e funcionamento do Centro, coa finalidade de que permita –de acordo co Proxecto socioeducativo- estruturar e organizar os recursos para responder os obxectivos dos programas que desenvolve, establecendo as canles de comunicación, de proposta e participación das persoas da organización, de decisión e coordinación interna e externa.

Este regulamento pretende tamén regular e reflectir a cultura de organización do centro, entendendo isto como unha determinada forma de facer, cuns valores e cultura propia, que permitan organizar o espazo, o tempo, a vida en convivencia e as relacións profesionais na que destaca o respecto ás/aos nenas/os, a súa orixe cultural, social e familiar.

***DEFINICIÓN:***

O FIER é un centro de acollida a nenas/os de 0 a 12 anos que pertencen a familias en situación de crise ou risco social. O Fogar orienta a súa actividade a atención das necesidades de nenas e nenos e apoiar ás familias para superar as dificultades e mellorar a súa autonomía na crianza das/os fillas/os.

O centro desenvolve un Proxecto socioeducativo de carácter psicosocial, nun contorno educativo e terapéutico, que cun conxunto de tarefas e actividades que se complementan entre si, dan un sentido integral á intervención coa/co nena/o e a súa familia.

***SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO:***

En virtude da resolución con data do 26 de maio de 2009 da Xunta de Galicia, o Fogar Infantil Emilio Romay ten autorización de inicio de actividades como centro de servizos sociais.

O Centro ten capacidade para 50 prazas, distribuídas en cinco módulos ou unidades de convivencia:

- Un fogar de acollemento residencial para 10 nenas/os de 0-15 meses.
- Tres fogares de acollemento residencial para 10 nenas/os de 15 meses a 6 anos.
- Un fogar para nenas/os de 0 a 12 anos en atención de día.

De acordo coa normativa autonómica, e conforme ao convenio vixente coa Xunta de Galicia, o centro enmárcase na tipoloxía de *Centro de Fogares*. Segundo esta tipoloxía, a súa capacidade máxima é de 10 nenas/os en cada unidade de convivencia –Fogar-.

***MODALIDADE DE ESTANCIAS:***

O acollemento no centro require a adopción mediante a correspondente resolución da entidade protectora, dunha medida legal de garda ou tutela. Desenvólvese en cada unidade de convivencia coa figura dunha/dun titora/r como referencia.

Os servizos de atención concrétanse en A) Acollemento Residencial de Internado e B) Atención de Día Integral. Nos módulos de convivencia atenderanse indistintamente a menores en réxime de internado ou de atención de día, en función das necesidades que estime a comunidade autónoma.

***A) O Acollemento Residencial con Internado*** é unha medida protectora dirixida ás/aos nenas/os para dar resposta temporal a situacións familiares de risco ou desamparo. O obxectivo do programa psicosocial e educativo que se desenvolve, diríxese a axudar á nena ou ao neno na súa recuperación e preparación para o retorno á súa familia de orixe ou a outra familia, ofrecendo un soporte de convivencia permanente que reproduza no posible unha forma de vida en familia.

***B) O Programa de Atención de Día,*** dirixido a apoiar as familias complementando os coidados ás/aos nenas/os durante a xornada de día.

Ambas modalidades, para o seu desenvolvemento contan como soporte cos contidos incluídos no Proxecto socioeducativo do centro (PEC), e nos programas de contido específico que se desenvolven transversalmente nos Proxectos educativos individuais (PEI).

***PRINCIPIOS NOS QUE SE SUSTENTA A ATENCIÓN A MENORES E O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO:***

Os principios que se relacionan, están baseados nos coñecementos do saber científico e no que social e culturalmente se consideran necesidades e dereitos das/os nenas/os:

1 - O respecto á nena e ao neno, a súa particularidade, a súa privacidade e intimidade, así como á confidencialidade da información coñecida, que debe ser preservada con medidas que aseguren o seu cumprimento.

2 – O respecto á diversidade familiar, cultural e social. Os patróns de vida familiar difiren segundo a cultura, clase social e comunidade á que se pertence, estas circunstancias deben ser respectadas e aceptadas sempre e cando non supoñan un maltrato para as/os nenas/os ou vulneren os seus dereitos.

3 - Enmarcar o coidado da nena e o neno no contexto da intervención e do traballo familiar que realiza a entidade pública e considerar a familia como o obxectivo último da intervención aínda que o obxectivo próximo sexa a/o nena/o.

4 - Satisfacer a necesidade de sentirse nun medio seguro e estable, pois a acollida de nenas e nenos entraña unha especial responsabilidade cara a elas/es, cando se lles separa do seu fogar familiar.

Ofrecerlle experiencias de vida familiar e outorgarlle unha información suficientemente detallada dos seus antecedentes, ao obxecto de que poida asimilar os motivos polos que foi separado da súa familia.

5 – Desenvolver plans de formación permanente e de reciclaxe das/os profesionais, que faciliten a eficacia do seu traballo coas nenas e cos nenos.

6 – Adoptar as medidas necesarias para dar cumprimento á regulación dos datos sobre as persoas usuarias do servizo, que se utilicen no desenvolvemento do programa de acollemento residencial, en canto ao tratamento, cesión e seguridade dos datos e ficheiros e en especial en canto aos principios regulados no título II, de acordo á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## 2. DEREITOS E OBRIGAS DAS/OS NENAS/OS

***DEREITOS:***
Dentro do respecto ás características e circunstancias individuais, establécese con carácter xeral o seguinte marco de dereitos:

As nenas e os nenos gozarán de todos os dereitos e liberdade que lle atribúe a lexislación vixente, sen máis limitacións que as derivadas do feito evolutivo. Estas limitacións non deben restrinxir o exercicio do dereito, posibilitándose, coas medidas de que dispoña o Centro, os procedementos máis acordes á súa idade.

En particular recoñécenselle os seguintes dereitos:

- A recibir o apoio e protección das persoas responsables do Centro, para o exercicio efectivo dos seus dereitos como cidadás/áns menores de idade.

- A que as medidas que se adopten non atenten contra a súa liberdade de conciencia cívica, moral ou relixiosa, nin contra a súa dignidade persoal.

- A recibir un bo trato, igualitario, sen discriminación e de respecto á súa persoa.

- A que se respecte a súa vida privada, familiar e social, e intimidade persoal en función das condicións estruturais do Centro.

- Á asistencia sanitaria e a recibir unha educación nos termos dispostos na lexislación vixente para o resto da poboación.

- A recibir información, de forma comprensible para a súa idade, sobre os seus dereitos, a súa situación, así como das medidas adoptadas respecto a ela/el e a súa familia, e coñecer a evolución e plans para o seu futuro.

- A recibir apoio e axuda específica para mitigar os riscos e/ou o dano sufrido como consecuencia do proceso persoal que vivise ou estea pasando.

- A comunicarse e/ou pedir explicacións á autoridade administrativa ou xudicial competente que adopten medidas respecto a ela/el e a súa familia, e a que se lle faciliten os medios. Aseguraranse as condicións adecuadas de discreción, intimidade, seguridade, ausencia de presión e adecuación á situación.

- A recibir un trato individualizado de contido educativo para a súa integración sociofamiliar que teña como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.

- A que se lle asigne unha persoa titora, responsable directa da aplicación do Proxecto Socioeducativo Individual e do seguimento da súa evolución no Centro e que actuará como profesional de referencia para todas as cuestións que lle afecten.

- A que se lle informe das normas de funcionamento do Fogar, os responsables e as súas funcións, así como do contido do Regulamento de funcionamento e organización interna.

- A recibir un tipo de atención con medios o máis afín posible coas súas necesidades e circunstancias, e a que a súa calidade sexa avaliada e revisada periodicamente, a fin de previr situacións de desatención ou maltrato institucional.

- Á promoción de autonomía persoal, coa potenciación das súas capacidades.

- A participar, en función do seu desenvolvemento e capacidade, na vida social, cultural, artística e recreativa do seu contorno.

- A manter os seus vínculos fraternos dentro do Fogar, permanecendo coas súas irmás ou irmáns no mesmo grupo, ou en todo caso, a manter o maior contacto posible cando unha/un das súas irmás ou irmáns sexa menor de 2 anos, salvo cando haxa manifestación contraria da entidade pública.

- A manter contactos coa súa familia e amizades, mediante visitas, chamadas telefónicas ou mediante correo, salvo que se atopen manifestamente limitadas pola entidade pública.

- A elixir ás/aos súas/seus representantes no Consello do Centro, se é o caso por razón da idade das/os menores (apartado 3 da Orde 01.08.1996).

- A que os vínculos familiares sexan respectados, mantidos e preservados, coas limitacións que sinale a entidade competente. O Centro debe potenciar con todos os recursos dispoñibles, o mantemento de contactos familiares, apoiando as familias no desempeño daquelas funcións, tarefas ou competencias compatibles co programa establecido para as/os nenas/os, que permita manter e soster de cada familia a ou as funcións válidas para as/os súas/seus fillas/os.

- A que o Centro garanta unha adecuada planificación das visitas en canto a facilitar a frecuencia, lugar adecuado, duración, quen estará presente, que tipo de actividades realizarán e tipo de axudas necesarias para levalas a cabo adecuadamente.

***OBRIGAS:***

A nena e o neno, no marco das características da súa idade, está obrigada/o a:

- Cumprir as normas de convivencia que estableza a/o súa/seu titora/r, como responsable do seu fogar.
- Asumir os seus deberes e responsabilidades, colaborando coas/cos compañeiras/os nas tarefas e obrigas.

- Ter unha actitude de tolerancia, respecto e consideración con todo o persoal que traballa no Centro e coas/cos compañeiras/os.

- Observar unha actitude de respecto polos obxectos, materiais e dependencias do Centro, así como ás pertenzas doutras persoas.

- Cumprir as normas que a entidade pública estableza respecto ao seu caso e aos seus contactos familiares.

- Cumprir as normas que estableza o Centro para o seu funcionamento.

**3. Dereitos e obrigas do persoal**

***DEREITOS:***
O persoal do Centro gozará dos dereitos e liberdades que lle atribúe a lexislación vixente, tendo en conta as necesidades do Centro, e en todo caso dos seguintes:

- Teñen dereito a recibir información periódica da marcha e funcionamento do Centro, a través dos órganos de participación ou no seu defecto da dirección responsable deste.
- A presentar propostas que contribúan á mellora do funcionamento do Centro e á atención que se presta ás nenas e aos nenos.
- A desenvolver as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste nos seus obxectivos aos contidos do proxecto e programación xeral do Centro.
- A que se lles proporcionen, dentro das dispoñibilidades do centro, os instrumentos e medios necesarios para desenvolver as súas funcións adecuadamente en beneficio das/os nenas/os atendidas/os.

- A participar en actividades formativas, de reciclaxe ou supervisión, orientadas a mellorar a calidade do servizo que presta o Centro.

***OBRIGAS:***
**-** Cumprir e facer cumprir, de acordo coas súas funcións, o regulamento de funcionamento e organización interna, non só nos dereitos e obrigas que lle corresponden, senón tamén de acordo aos principios nos que se basea.
- Velar polo respecto dos dereitos das nenas e dos nenos, recollidos no Regulamento de funcionamento e organización interna e aqueles recoñecidos na lexislación vixente.
- Respectar á/ao menor e a súa familia sexa cal sexa a súa orixe e problemática.
- Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais, familiares e imaxe das/os nenas/os, aos que teñan acceso polas súas funcións, con absoluta reserva e respecto á privacidade e intimidade.

- Cumprir as tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo.
- Todo o persoal está obrigado a cumprir coa lexislación aplicable ao Centro, incluída aquela en canto ás medidas preventivas hixiénicas e sanitarias que lle sexan aplicables.
- Participar nas actividades de formación e/ou supervisión que se estimen necesarias, en especial as destinadas a establecer directrices para o proxecto socioeducativo individual de cada nena/o.
**-** Someterá a súa actuación á normativa disposta na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e de conformidade co disposto

nos convenios que se leven a cabo entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade protectora das/os menores atendidas/os no centro, gardando reserva sobre os seus expedientes ou as súas familias.

## 4. Estrutura organizativa

### *4.1. Principios organizativos xerais do Centro*

A organización funcional dos recursos humanos do Centro, sostense nos principios e criterios que inspiran o Proxecto socioeducativo do Centro, e entre eles, en concreto nos seguintes:

- Calquera persoa adulta do Centro no desempeño das súas tarefas, segundo o organigrama deste, desenvolve algúns aspectos educativos para coas/os nenas/os. Esta posición educativa, que está investida de responsabilidade, implica respecto e compromiso en todas as tarefas e actividades con elas/es e as súas familias.
- A organización do Centro persegue a atención ás nenas e aos nenos nun contorno seguro, protector, educativo e terapéutico.

- A organización das funcións, actividades e tarefas que se asignen a cada posto, buscan a eficacia, a coherencia interna da intervención educativa e psicosocial e que o traballo integral do centro beneficie a mellor integración familiar das/os nenas/os.

- A coordinación interna e externa son un deber e un compromiso ético para o traballo eficaz cas/os nenas/os. O Plan de intervención de menores é o marco no que se desenvolve a intervención coa/o nena/o e a súa familia.

O organigrama contén a descrición orgánica e funcional do Centro, determina as relacións de dependencia e as funcións das persoas da organización. Este pretende ser unha ferramenta básica e orientadora das actuacións para a consecución dos obxectivos do Centro, supeditada aos fins e obxectivos da dita organización, e terá en conta que a atención das nenas e nenos do Fogar, de acordo aos principios recollidos no Proxecto socioeducativo do centro e neste propio regulamento, é prioritaria e o referente para axustar a organización, as tarefas e funcións ás necesidades das persoas usuarias.

### *4.2. ORGANIGRAMA XERAL DE SERVIZOS DA DEPUTACIÓN*

No organigrama desta Deputación o Centro aparece integrado na área de Servizos Provinciais, e xerarquicamente, a dirección do Fogar depende da Presidencia e da Dirección de área correspondente.

### *4.3. Órganos de goberno e representación. FUNCIÓNS*

#### A) Órganos unipersoais: Dirección

Representa ao Centro e é responsable do seu correcto funcionamento.
FUNCIÓNS:

- Convocar e presidir os órganos colexiados do centro, e desenvolver o seu cometido neles, conforme ao réxime xurídico disposto nos art. 22 e s.s. da Lei

30/92 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que modifica a Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

- Exercer a garda delegada das/os menores ingresadas/os no Centro, de acordo á lexislación vixente.
- Dar soporte ás/aos educadoras/es, na tarefa diaria, a instancia delas/es.
- Favorecer o traballo en equipo, a comunicación e coordinación entre o persoal, potenciando a integración de recursos humanos do centro e buscando a coherencia da intervención educativa e psicosocial.
- Coordinar as áreas técnica e educativa.
- Dirixir, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Programar e coordinar as melloras e actividades que vaian encamiñadas ao bo funcionamento do Centro e a mellorar a calidade do servizo que presta o Fogar.
- Dirixir o persoal adscrito ao Centro, a súa organización, a xestión e o control do exercicio das responsabilidades de cada posto e trasladar á Deputación as que sexan considerables.
- Xestionar de forma global o Centro, que inclúe propostas e control orzamentarios, de investimentos, administrativos e de mantemento.
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes e regulamento de réxime de funcionamento e organización interna e cantas disposicións emanen dos órganos competentes e da Deputación provincial.
- Custodiar os libros oficiais do Centro, e os expedientes das/os nenas/os ingresadas/os ou que estiveran no Centro.
- Participar en cursos de formación e perfeccionamento.
- E en xeral todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto de dirección.

**B) Colexiados: Consello do Centro, Comisión Técnica, Comisión Educativa.**

**Consello do Centro**

É un órgano colexiado, regulado na Orde do 1 de agosto de 1996, ao cal lle corresponde asumir a coordinación xeral do Centro, marcando as directrices e adoptando os acordos procedentes.
Compóñeno os seguintes membros:

- Dirección do Centro
- Unha persoa en representación da administración titular do centro, designada pola presidencia da Deputación
- Unha persoa designada pola presidencia entre o persoal da área correspondente aos centros de menores
- Unha persoa designada pola presidencia entre o persoal dos servizos centrais que interveñen na xestión de centros
- Unha persoa representante do persoal dos servizos educativos: persoal educador, celador e auxiliar educador, designada polo propio persoal que ha de ser representado
- Unha persoa representante do persoal técnico (técnica/o de servizos sociais, psicóloga/o), designada polo propio persoal.
- Unha persoa representante do persoal de servizos xerais do centro, designada polo propio persoal que ha de ser representado.

FUNCIÓNS:
Entre outras, son:

- Elaborar a proposta do proxecto de regulamento de funcionamento e organización interna e propor a aprobación ao órgano correspondente.
- Elaborar e avaliar a memoria anual de actividades.
- Aprobar o proxecto socioeducativo e programación anual de actividades, elaboradas pola Comisión Educativa.
- Presentar propostas á dirección para a elaboración do presuposto anual.
- Propor cantas medidas considere convenientes de interese para o Centro e/ou para mellorar o seu funcionamento.

**Comisión Técnica**

A Comisión Técnica é un órgano colexiado que entende dos contidos dos programas específicos que desenvolve o Centro. É un órgano de consulta, apoio, control e avaliación dos contidos da súa competencia, entre eles prestar informe aos demais órganos do Centro para a toma de acordo ou decisión. O seu informe será preceptivo cando se trate de revisar ou modificar os contidos dos programas do Centro.

A Comisión Técnica está integrada por:

- Dirección
- Psicóloga/o
- Técnica/o de servizos sociais (traballadora/or social) adscrita/o ao Centro a proposta da Sección de Servizos Sociais.

FUNCIÓNS:

- Deseñar, avaliar e modificar os programas específicos que se desenvolven no Centro, cuxo desenvolvemento transversal se fai operativo no Proxecto socioeducativo do centro e nos Proxectos educativos individuais (PEI).
- Supervisar a aplicación dos programas específicos do centro no Proxecto socioeducativo do centro e nos PEI.
- Prestar asistencia técnica á dirección, aos demais órganos e persoal do Centro.
- Informar as tarefas, protocolos, funcións ou actividades necesarias para o desenvolvemento dos programas e programacións do Centro.
- Avaliar e elaborar propostas para a revisión do Convenio de estancias coa Xunta ou outras administracións, que regulan as estancias.
- Prestar apoio ás/aos titoras/es no desenvolvemento, seguimento e supervisión do Proxecto Educativo Individual de cada nena/o.
- A valoración e informe de actuacións sobre o seguimento de casos en aspectos da súa competencia técnica, e o seu traslado á Comisión Educativa.
- Valorar os aspectos psicosociais dos proxectos ou actividades que se programen no Centro, avaliando a súa adecuación aos contidos do Proxecto socioeducativo e ás necesidades das/os nenas/os.

**Comisión Educativa**

É un órgano colexiado que planificará e desenvolverá especialmente as tarefas da área educativa do Fogar. É unha Comisión de traballo operativo para o seguimento de casos, a coordinación interna e externa do centro, e a posta en común de información para o seguimento psicosocial e educativo.

Está composta polos seguintes membros:

- Dirección
- Técnica/o de Servizos Sociais (traballadora/r social)
- Psicóloga/o
- Educadoras/es titoras/es
- Educadoras/es.

FUNCIÓNS:

- Elaborar o proxecto socioeducativo do Centro, programación e memoria anual de actividades.
- Elaborar e avaliar os instrumentos para o desenvolvemento da intervención educativa (PEI).
- Proporlle á Comisión Técnica e ao Consello do Centro modificacións e/ou iniciativas que incorporar aos programas do centro, así como achegar os datos necesarios para a elaboración do Regulamento de funcionamento e organización interna, e da memoria de actividades.
- Realizar o seguimento da programación do Centro e do proceso educativo grupal e individual.
- Supervisar a aplicación dos proxectos educativos individualizados e a súa adecuación ao proxecto socioeducativo do Centro.
- Informar  do seguimento de casos para a coordinación interna e externa.
- Tomar acordo de que pautas ou medidas se adoptan en relación a situacións que se formulan na intervención do persoal educador coas/os nenas/os e as familias.

### *4.4. Servizos do Centro e persoal*

**A) Distribución de servizos do centro**

O persoal do Fogar Infantil "Emilio Romay" distribúese organicamente nos seguintes servizos e grupos:

1. Dirección
2. Equipo Técnico:
- Dirección
- Psicóloga/o
- Técnica/o de servizos sociais (traballadora/r social)
3. Equipo Educativo:
- Educadoras/es titoras/es
- Educadoras/es
- Auxiliares educadoras/es
- Auxiliares educadoras/es nocturnas/os (veladora)
    - Celadoras/es
4. Servizos Xerais:
- Administración: administrativa/o admón. xeral
- Recepción: telefonistas
- Cociña: axudantes de cociña e cociñeiras/os
    - Lavandería: operarias/os de servizos varios e celadoras/es
    - Limpeza: operarias/os de servizos varios e celadoras/es

**B) Persoal e Funcións**

**Psicóloga/o**

- Manter entrevistas coa nai e o pai naqueles casos que se considere necesario, ben para obter información, ben para esclarecer a súa posición en relación coas fillas e fillos.
- Manter entrevistas coas nenas/os para axudarlles a esclarecer a súa situación persoal e familiar.
- Apoiar terapeuticamente as familias (tanto a nai, o pai como as/os nenas/os) nos casos en que se considere necesario.
- Coordinar as reunións de seguimento de casos co persoal educador (titoras/es, auxiliares educadoras/es, auxiliares educadoras/es nocturnas/os, celadoras/es).
- Manter entrevistas con profesionais externos ao Centro, que traballen noutros servizos coas nenas/os e/ou familias do Fogar.
- Participar nos cursos de formación e perfeccionamento.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Técnica/o de Servizos Sociais (traballadora/r social)**

- Recepción do caso e do expediente do Servizo de Menores e dos concellos. Valoración técnica e xestión de altas, baixas, modificación de medidas.
- Presentación do caso ao equipo técnico do centro: obxectivo do ingreso e plan de traballo familiar.
- Entrevistas coa nai e o pai para coñecer as súas dificultades persoais, familiares, sociais e apoiar o plan de traballo familiar.
- Rexistrar a información da evolución familiar e social para o seguimento do caso.
- Realizar os informes sociais para os Equipos Técnicos de Menores (ETM), a Fiscalía de Menores e outras entidades que o soliciten.
- Coordinación cos equipos técnicos externos ao centro de menores, ETM, concellos e outros para o seguimento de casos.
- Participar nos cursos de formación e perfeccionamento.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Educadoras/es titoras/es**

- Exercer a titoría das nenas e nenos mantendo unha relación profesional e afectiva con elas/es, tendo en conta as características persoais de cada unha/un a través da observación, reflexión e estudo do seu expediente persoal e doutros medios válidos para conseguir esta información.
- Elaborar a programación propia do seu fogar, actividades, reparto de tarefas e obxectivos de acordo ao proxecto educativo individual (PEI) de cada nena/o, así como as tarefas e actividades que se han de realizar na súa ausencia.
- Elaborar e desenvolver o PEI e informes educativos de cada nena/o, nas diferentes áreas e tarefas que implican a súa acollida, desenvolvemento persoal e integración social.
- Asumir a responsabilidade educativa das/os nenas/os e a súa acollida.
- Realizar a acollida de cada novo membro no seu grupo, informando á nena ou ao neno dos seus dereitos, das características da medida, da posibilidade de contactos familiares.

- Facilitar o acceso e acompañar as/os nenas/os a recursos (médicos, psicolóxicos, xurídicos...).
- Responsabilizarse do seguimento médico sanitario e da administración dos tratamentos médicos prescritos ás/aos nenas/os e da coordinación destes na súa ausencia coas/os educadoras/es e coas/os auxiliares educadoras/es.
- Organizar as compras do vestiario, calzado, equipamento, útiles e obxectos de cada menor e a súa participación, tendo en conta os seus gustos e preferencias.
- Intervir constantemente e crear hábitos sociais necesarios a través da vida cotiá, organizando as actividades diarias, a hixiene persoal, saúde e seguimento escolar.
- Manter e coidar os vínculos entre as/os nenas/os e as súas familias transmitíndolle á nai e ao pai a información sobre a súa evolución nos seus distintos ámbitos.
- Planificar as visitas, saídas e contactos, supervisalos e valorar a súa calidade, axustados pola entidade competente, tendo en conta as necesidades das nenas/os, facilitando o encontro familiar e responsabilizándose do adecuado control e rexistro.
- Traballar coas familias as habilidades socioeducativas en función das súas necesidades e do desenvolvemento evolutivo das/os nenas/os.
- Establecer criterios unificados de actuación co persoal educador e auxiliar e coordinar as súas tarefas nas diferentes quendas.
- Manter as entrevistas necesarias con profesionais internas/os e externas/os ao centro, para o seguimento das distintas áreas do PEI.
- Custodiar a documentación de soporte para a elaboración do PEI e do seu seguimento.
- Participar de forma activa nos cursos de formación e perfeccionamento.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Educadoras/es**

- Ser a figura de referencia para o persoal auxiliar e para as/os nenas/os, en ausencia das/os educadoras/es titoras/es.
- Desenvolver as tarefas que lle encomende a dirección durante a xornada e en ausencia da dirección.
- Responsabilizarse dos contactos externos ao Centro en ausencia da dirección e/ou educadoras/es titoras/es, tales como: acollida urxente, emerxencias sanitarias, seguridade do Centro e das persoas, así como aquelas que aínda sendo previsibles se produzan na súa xornada laboral.
- Reforzo e apoio aos distintos servizos durante a xornada.
- Responsabilizarse das tarefas asistenciais e sanitarias das/os nenas/os en ausencia das educadoras/es titoras/es ou por delegación e en especial das situacións de emerxencia que se produzan na súa quenda.
- Responsabilizarse da coordinación dos tratamentos médicos prescritos as/aos nenas/os do centro en ausencia ou por delegación das/os educadoras/es titoras/es.
- Responsable da recollida, rexistro e traslado de comunicacións e incidencias ocorridas ao longo de súa xornada ás/aos educadoras/es titoras/es e dirección.

- Control e rexistro de visitas, saídas e/ou outros contactos familiares durante os días festivos, fins de semana e sempre en ausencia das/os educadoras/es titoras/es das/os nenas/os ou por delegación.
- Participar de forma activa nos cursos de formación e perfeccionamento.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Auxiliares educadoras/es**
Segundo o aprobado no Pleno con data do 30.11.2007, correspóndenlle as seguintes funcións:

A. Apoio ás funcións de titora/r - educadora/r.
B. Desenvolver en coordinación coa/co titora/or, as tarefas necesarias para a execución do Proxecto educativo do centro.
C. Apoiar o desenvolvemento do Proxecto educativo individual de cada nena/o.
D. Colaborar coas/os educadoras/es titoras/es na recollida de datos e informar das circunstancias que deben figurar nos informes educativos de cada menor, observación e rexistro dos cambios producidos nas/os nenas/os no que se refire ao seu ritmo de comida, sono, estado anímico, etc.
E. Estar presente de forma activa en todas as actividades do grupo e facer das actividades cotiás o lugar, espazo e tempo onde se desenvolva o proxecto individual, colaborando e apoiando as actividades de vestirse, xogar, traslado ao colexio, hixiene persoal, deitarse, comer, acompañamento a actividades, saídas de lecer e outras.
F. Colaborar nas actividades do Centro.
G. Manter as condicións de limpeza, hixiene e orde nas estancias de cada fogar (dormitorios, comedor, salas, galerías) e no vestiario e obxectos de uso das/os nenas/os.
H. Participar en forma activa nas actividades de formación internas do centro.
I. Participar en forma activa nas reunións de seguimento de casos.
J. Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
K. Todas as demais que correspondan ao posto e estean relacionadas coas anteriores.

**Auxiliares educadoras/es nocturnas/os (veladora)**
Segundo o aprobado no Pleno con data do 30.11.2007, os postos de auxiliares educadoras/es nocturnas/os terán como funcións específicas, ademais das de auxiliares educadoras/es coa excepción do parágrafo 5º, as seguintes:

- Atender as necesidades das/os nenas/os lactantes segundo as pautas de alimentación, hixiene e tratamento médico que lle sexan prescritas.
- Avisar das alteracións de saúde que poidan precisar atención médica inmediata.
- Detectar, comunicar e intervir nas dificultades ou alteracións do sono baixo as directrices do persoal técnico do Centro.
- Atender na medida das súas posibilidades calquera eventualidade que se presente.
- Avisar de producirse algún incidente que así o precise a dirección.
- Trasladarlles información ás/aos titoras/es sobre as incidencias ocorridas ao longo da súa xornada.

**Celadoras/es**
As funcións deste posto, de acordo ao aprobado no Pleno con data do 30.11.2007, son:

- Apoio ás funcións de titor/a – educador/a e de auxiliar educador.
- Transmitirlle á/ao titor/titora a observación e rexistro de cambios e circunstancias no desenvolvemento da vida da/do nena/o no Centro que sexan de interese para o seu proxecto educativo.
- Executar as instrucións recibidas para o desenvolvemento do PEI de cada neno/a.
- Estar presente de forma activa en todas as actividades do grupo e facer das actividades cotiás o lugar, espazo e tempo onde se desenvolve o proxecto individual, colaborando e apoiando as actividades de vestirse, xogar, traslado ao Colexio, hixiene persoal, deitarse, comer, acompañamento a actividades, saídas de lecer e outras.
- Colaborar nas actividades do Centro
- Manter as condicións de limpeza, hixiene e orde nas estancias de cada fogar (dormitorios, comedor, salas galerías) e no vestiario e obxecto de uso das/os nenas/os.
- Participar de forma activa nas actividades de formación interna do Centro.
- Cando así se lle requira, participar de forma activa nas reunións de seguimento de casos.
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- Todas as demais que correspondan ao posto e estean relacionadas coas anteriores.

**Administrativa/o Admón. xeral**
Segundo o aprobado na sesión do Pleno con data do 30.11.2007:

- Tramitación de expedientes (informes-propostas, resolucións e ditames, actas, etc.).
- Seguimento de procedementos.
- Actualizacións lexislativas e a súa aplicación.
- Traballos en soporte informático (tratamento de textos, folla de cálculo, etc.).
- Actividades administrativas de xestión, tramitación e colaboración preparatorias, complementarias e derivadas das funcións superiores.
- Arquivo.
- Cálculo sinxelo.

Ademais das anteriores, o persoal administrativo do centro terá como funcións específicas:

- Custodia dos libros oficiais do Centro, e os expedientes das/os nenas/os ingresadas/os ou que estivesen no Centro.
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Telefonistas**

- Seguindo as indicacións recibidas, o control de entradas e saídas das persoas do Centro ou alleas a el (familias, provedores, persoal técnico de menores da

Xunta de Galicia, profesionais dos concellos e de entidades colaboradoras, etc).
- Realizar o seguimento das entradas e saídas de mercadorías.
- Cubrir adecuadamente e gardar a documentación correspondente á recepción do centro.
- Atender as chamadas de teléfono do Fogar e trasladalas á extensión que corresponda ou recoller o aviso.
- Facerse cargo da entrega de avisos e facelos chegar puntualmente á persoa destinataria.
- Recibir as visitas, e acompañalas ao recibidor ou sala de visitas.
- Rexistrar os contactos familiares (visitas, saídas, chamadas telefónicas).
- Coidar e supervisar a limpeza do contorno.
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Cociñeiras/os e axudantes de cociña**

- Preparación e elaboración de menús variados, responsabilizándose do seu bo estado, atendendo a criterios de dietética e adecuando os alimentos ás diferentes idades e circunstancias persoais (problemas de obesidade, diversas alerxias alimentarias, etc) así como ás diferentes épocas do ano.
- Estimación das materias primas necesarias, evitando custos innecesarios.
- Presentación e decoración dos diferentes pratos e sobremesas.
- Acondicionamento para o transporte de pratos elaborados.
- Solicitude, recepción e almacenamento de materias perecedoiras e non perecedoiras.
- Conservación e envasado de alimentos.
- Utilización adecuada da maquinaria, equipos e útiles: fornos, grellas, marmitas, fogóns...
- Responsabilizarse da limpeza das instalacións e dependencias da cociña, así como da limpeza e coidado da maquinaria, equipos e útiles da cociña.
- Eliminación de residuos alimentarios respectando as normas establecidas.
- Cobertura dos rexistros que soportan o sistema de análise de perigos e puntos críticos de control.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, incidencias, menús, produtos...).
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**Operarias/os de servizos varios**

Realizan tarefas en Lavandería e/ou Limpeza.

***Lavandería:***

- Interpretar a etiqueta de composición e de conservación, clasificar os artigos téxtiles para asegurar que as operacións de lavado, lixiviado, secado e pasar o ferro se fagan nas condicións adecuadas.

- Identificar a natureza das manchas para obter información significativa sobre o procedemento de lavado e aplicar o produto adecuado para o predesman-chamento.
- Preparar e programar a máquina para realizar a limpeza dos artigos téxtiles e empregar os produtos necesarios para o lavado tendo en conta a dose establecida e o momento de aplicación.
- Realizar e controlar o lavado e a hidroextracción, comprobando que a limpeza conseguida sexa a adecuada.
- Preparar as máquinas e operar con elas en condicións adecuadas, segundo os artigos téxtiles que se van procesar.
- Preparar as máquinas de pasar o ferro (calandra) para roupa plana e operar con elas en condicións apropiadas, segundo os artigos téxtiles que se van tratar.
- Identificar o espazo físico no que se distribúen as áreas ou as zonas da lavandería, en función das medidas hixiénicas e do proceso produtivo.
- Recibir e distribuír a roupa das/os nenas/os, da lencería de dormitorios, comedores e en xeral do centro, segundo se teña establecido.
- Reparar cando proceda a roupa e a lencería xeral do centro.
- Responsabilizarse da limpeza das dependencias da lavandería, así como da limpeza e coidado da maquinaria, equipos e útiles de lavandería.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, desorde, sucidade inhabitual...).
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

***Limpeza***:

- Responsabilizarse da limpeza das dependencias do centro, así como da limpeza e coidado da maquinaria, material e útiles, para garantir a maior eficacia e o seu mantemento.
- Organizar e realizar a limpeza e protección de superficies, determinando procedementos, máquinas, accesorios, útiles e produtos, para conseguir o efecto desexado.
- Realizar a limpeza dos espazos e mobiliario situado no interior e exterior do edificio, así como dos chans, paredes, teitos e cristais, segundo as súas características e peculiaridades.
- Escrupulosa limpeza dos baños e aseos, verificando a pulcritude, hixiene e desinfección, para garantir a súa utilización en condicións de limpeza.
- Revisar o material necesario como os dispensadores de hixiénico, papel de mans, xabón ou outros comprobando a súa dispoñibilidade para, no seu caso, repoñelo.
- Retirada e eliminación da sucidade e residuos (cartóns, plásticos, entre outros), atendendo á recollida selectiva de lixo para atender á normativa de protección ambiental.
- Comunicar as anomalías observadas no desenvolvemento das súas funcións (avarías, desorde, sucidade inhabitual...).
- Participar en cursos de formación cando sexa necesario para o desempeño do seu posto de traballo.
- E todas aquelas que se correspondan co seu cometido xeral, o nivel e coñecementos requiridos e a responsabilidade atribuída ao posto.

**5. Organización interna**

A organización interna do Fogar é competencia da súa dirección, que en todo caso se atopa enmarcada no presente regulamento e que deberá considerar as decisións da Comisión Educativa e do Consello do Centro.

**A) Rexistros internos do Centro. Libros e Rexistros**

O Fogar disporá dos seguintes rexistros:

*1. Libro de rexistro de altas e baixas*. Nel constan rexistrados todos os ingresos e baixas no Centro, cos datos de identificación que deben constar no dito rexistro.

2. *Rexistro de visitas e saídas*. Neste farase constar a identidade, data e duración da visita, sinatura da persoa que a realice, data de saída e de regreso das/os nenas/os. Así mesmo, as observacións que as/os titoras/es consideren sobre incidencias da visita ou saída. O libro terá follas foliadas e servirá para documentar as visitas e saídas das persoas usuarias do Centro.

3. *Libro de reclamacións*. Este estará a disposición das/os nenas/os do Centro, familias directas ou representantes legais das/os menores, así como de calquera outra persoa que teña a título persoal ou profesional algún contacto co Centro en relación ás súas funcións.

Ademais existe un *expediente individualizado de cada menor*, que consta, cando menos, da documentación administrativa, sanitaria, educativa, proxecto educativo individual e seguimento.

En relación aos libros e rexistros, o Centro cumprirá co disposto na normativa de seguridade referente ao tratamento de datos de carácter persoal.

**B) Ingresos**

O acollemento residencial e os programas de atención de día, acordados nos convenios de colaboración correspondentes, seguirán o procedemento establecido nos ditos convenios.
Segundo o acordado no convenio coa Xunta de Galicia, o ingreso conterá polo menos coa seguinte documentación:

* Resolución que dispón a medida e características desta.
* Proposta de actuación que conte coa xustificación da medida, tempo, plan de traballo...
* Documentación persoal da nena ou neno, en relación á súa:
- Identidade e a da súa nai, pai ou persoas coas que conviviu.
- Documentación e antecedentes sanitarios.
- Documentación escolar.
- Familiares ou persoas relacionadas con visitas e/ou saídas onde deberá constar o seu nome.

Dende os Equipos Técnicos do organismo que corresponda comunicaráselle á Deputación o ingreso previsto e as características da nena ou do neno, que acompañarán a documentación indicada.

Cando a medida de internamento se produza por procedemento de urxencia, o Fogar deberá dispoñer, no posible, ao momento do ingreso de:
- Identificación completa da nena ou neno.
- Tipo de medida adoptada e as súas características (visitas, saídas, contactos).
- Identificación da súa nai, pai ou persoas coas que conviviu.
- Causa que motiva o seu ingreso.

No caso dos concellos, a atención de día realizarase segundo o establecido na solicitude de ingreso.

**C) Baixas**

Prodúcese por comunicación do organismo responsable do programa ao Fogar, que o porá en coñecemento da Deputación.

**D) Normas. Horario**

O Centro establece unhas **normas** -as referidas neste regulamento-. Destas hai que destacar a función que prestan como reguladoras da conduta de todas as persoas, as/os nenas/os, as súas familias e persoal coidador.

Esas normas de carácter xeral son susceptibles de adaptarse ás necesidades específicas de cada grupo e ás diversas necesidades das/os nenas/os, segundo circunstancias persoais e familiares, e período lectivo, festivo ou de vacacións.

Poderán determinarse normas específicas para cada unidade de convivencia.

O **horario** do Programa residencial con internamento será de atención permanente. O Centro prestará servizo as 24 horas do día durante todo o ano.

O horario de atención ás familias das/os menores para visitas e saídas é susceptible de adaptarse ás necesidades específicas de cada nena/o e familia.

O horario do Programa de atención de día será de 8:00 a 22:00. Con carácter xeral, salvo casos excepcionais, ningunha nena ou neno deberá permanecer no centro máis de 8 horas diarias.

**E) Uso das dependencias e equipamento**

O Centro dispón de espazos comúns aos diferentes fogares e espazos propios para cada un deles.

Cada grupo –persoal e menores- é responsable do uso adecuado das súas instalacións, do seu mobiliario e do seu material didáctico, así como do mantemento en condicións óptimas para a súa utilización.

Cada nena/o dende o seu ingreso no Fogar até a súa saída disporá de vestiario, calzado, útiles persoais de hixiene, material didáctico, libros e xoguetes propios.

## 6. Réxime de visitas e saídas

As nenas e nenos, que dependan do Plan de traballo que a consellería competente estableza, terán á súa disposición e dos seus familiares as estancias e medios necesarios para os encontros.

Tanto as visitas como as saídas e regreso das/os nenas/os han de axustarse ás normas de réxime interno do Centro e, en todo caso, aos horarios e actividades ordinarias ou extraordinarias das/os nenas/os.

As visitas no Centro produciranse atendendo ás pautas sinaladas polo Equipo de Menores e en todo caso baixo as seguintes condicións:

- Supervisión e control polas/os educadoras/es titoras/es do encontro, calidade, duración, despedida; sinalar tarefas e actividades coa/o nena/o; rexistrar no libro de control das visitas ou saídas facendo constar se existen observacións.

- As familias realizarán os encontros en privado, salvo que non sexa do interese da nena, neno ou entidade pública de protección sinale outra medida. O Fogar deberá establecer as medidas necesarias, para preservar a intimidade do encontro e posibilitar o control da visita. Sempre que sexa posible e dando preferencia ao interese das/os menores de relacionarse coa súa familia, as visitas serán reguladas en canto a días e horario, permitíndolle así á familia e as/os nenas/os o apoio das/os educadoras/es titoras/es, o espazo reservado e que a visita sexa esperada con anticipación.

- O desexo das/os nenas/os, a súa negativa ao encontro e/ou o rexeitamento á presenza dalgunha persoa da familia, debe ser a causa de que se valore se a visita debe ter lugar coa presenza dunha/dun profesional, ou ben se propoña a súa suspensión.

As saídas do Centro con familiares ou persoas autorizadas, están sometidas ás disposicións que sinale o organismo protector. Salvo situacións excepcionais que poidan ser valoradas puntualmente, e en caso de que se estime que a saída poida causar un prexuízo á/ao menor, este será entregado á persoa ou persoas designadas pola consellería competente.

A saída e regreso ao Centro han de producirse cumprindo coas normas de réxime interno en canto ao horario. Ao igual que coas visitas, as saídas produciranse baixo as seguintes condicións:

- Supervisión e control da titoría sobre as visitas e despedida, calidade e condicións físicas e psíquicas da nena ou do neno durante esta.
- Deben ser reguladas e anticipadas ás/aos nenas/os, salvo circunstancias excepcionais.
- Debe valorarse o desexo e aceptación das/os nenas/os ante a saída.

- Debe rexistrar a titoría a saída, a valoración das condicións en que se produce, a despedida familiar e condicións de regreso da nena ou neno.

**7. Réxime disciplinario**

As faltas cometidas polo persoal do Centro, que poidan ser consideradas sancionables segundo a regulación aplicable, serán postas en coñecemento do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña para que dispoña a tramitación pertinente de acordo á súa situación laboral.

Para a valoración do incumprimento dos deberes e obrigas do persoal funcionario e laboral previstos na normativa disciplinaria aplicable terase así mesmo en conta o previsto neste regulamento de funcionamento e organización interna.

As faltas cometidas polas/os nenas/os no incumprimento deste regulamento, das normas de convivencia en canto as/os súas/seus educadoras/es, compañeiras/os ou obxectos do contorno, serán valoradas e tratadas polo persoal educador, aplicando as/os educadoras/es titoras/es a medida educativa que se considere acorde á falta e a súa idade, e no seu caso de acordo ao protocolo vixente de “reforzo educativo e medidas correctivas” -aprobado pola Xunta de Galicia para o funcionamento operativo dos centros de protección de menores-.

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

En canto aos apartados do regulamento nos que figuren as referencias normativas, tanto da comunidade autónoma como as aplicables ás/aos menores ou á administración, serán de aplicación no seu momento as que se atopen vixentes.

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Esta publicación farase unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

**8.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER” 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada

no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de xuño de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade *Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO)***,** con CIF G-15072010, con sede en Ferrol, para financiamento do programa de intervención no lecer nocturno *“Educando no lecer” 2014*, cunha achega da Deputación de **18.000,00 euros**, que supón o 80,00% do orzamento do gasto subvencionado que é de 22.500,00 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, con cargo á aplicación presupostaría 0611/231D/481 do Orzamento para 2014.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia do correspondente crédito do Orzamento do exercicio 2015.

“**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ PARA O ESTUDO E A PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER” 2014**

A Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pose, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Olga Basterrechea Cubeiro, presidenta da Asociación Ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

A Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga e a defensa e protección do individuo e a colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito comarcal de Ferrolterra.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de Admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para a toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas substancias, sempre que os ditos

servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos de Ferrolterra e arredores que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios procedentes e derivados dos Concellos de Ferrolterra, como Narón, Ferrol, Fene, Neda, Cedeira, Cariño, Ortigueira e tamén Zas, A Coruña e Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), CIF G-15072010, para o financiamento dun programa de intervención no lecer nocturno “Educando no lecer” co obxectivo de crear un espazo de referencia adaptado aos cambios, con capacidade de escoita e como alternativa sólida ao uso de drogas como fonte de diversión na xuventude. Subministrar as ferramentas necesarias para espertar a súa actitude crítica e reflexiva a cerca das drogas.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da área de Ferrolterra e comarca, pero tamén haberá actividades abertas ao resto da poboación nova da provincia.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| | | |
| GASTOS DE PERSOAL | Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade | 20.453,10 |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 2.1. Deseño da impresión tanto da publicidade como da información | 550,00 |
| | 2.2. Material funxible e didáctico | 646,90 |
| | 2.3. Axudas de custo correspondentes ao desenvolvemento das actividades nos distintos concellos | 850,00 |
| TOTAL (IVE incluído)* | | 22.500,00 |

***** En caso de subas do IVE serán asumidos pola entidade.

**III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE**

**1.-**A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **80%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%** da cantidade efectivamente xustificada.

**2.**Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.**A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

**1.** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

**1.** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa…), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa ou accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO).

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos usuarios atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

**1.** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 18 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014**.

**2.** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **30 de xullo de 2015**.

**3.**De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

**1.** A Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.** A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

**1.** A Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

**1.** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

**1.**O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

**3.** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

**4.** E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

**1.** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.**Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

**1.** O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 18 de xaneiro de 2014 e 31 de decembro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

**2.**Para o caso de que a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

**3.** Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

**1.** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación Ferrolá para o estudo e a prevención das drogodependencias (ASFEDRO), respectivamente.

**3.** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _________de________de________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.""

(Entra no salón o Sr. Calvelo Martínez).

**9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A FUNDACIÓN REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DUN CAMPUS DE FÚTBOL.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Nós imos votar en contra deste punto, entendemos que a Fundación Real Federación Española de Fútbol leva importantes cantidades de diñeiro doutras administración públicas e do Estado, e entendemos que os recursos que van destinados a este tipo de convenios deberían de ir destinados ao fomento do deporte, neste caso do fútbol base nos concellos e en moitas das entidades e clubs que hai na nosa provincia. Estamos falando dunha Federación que estaba disposta a pagar nin máis nin menos que 700.000 euros per cápita aos compoñentes desa gran selección de fútbol que representaba ao Estado en Brasil, e polo tanto, cremos que ten solvencia suficiente para facer estes campos de fútbol, en cambio outros clubs da provincia, con moitos menos recursos a verdade é que necesitarían do apoio da Deputación para levar a cabo moitos dos seus proxectos cos nenos e coas nenas desta provincia.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente, bos días a todos e a todas. Direi que neste caso a quen se lle aprobaría esta subvención nominativa é a Fundación Real Federación Española de Fútbol, que evidentemente ten connotacións coa Real Federación, pero que é unha fundación, é unha fundación, precisamente que se dedica, entre outros fins, a promover o fútbol base e este campus a quen vai dirixido é precisamente á xente nova e, polo tanto, o feito de que se lle poida dar estes campus cun persoal da máxima cualificación non só vai incidir positivamente nese fútbol base, senón que ademais vaino facer dándolle uns recursos técnicos, físicos e tácticos neste deporte que en calquera outro caso, ou con calquera outro club sería moi difícil de acadar, a máxima posibilidade tena precisamente quen conta cos mellores técnicos en todo o conxunto do Estado, esa é a razón e a singularidade deste convenio.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (17 do PP e 8 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE, e en contra do BNG, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/06/2014.

2.**-** Aprobar o convenio coa Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar a *realización dun Campus de Fútbol,* cun orzamento subvencionado de 45.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña *e a* Fundación Real Federación Española de Fútbol *para financiar a realización dun Campus de Fútbol.***

Na Coruña, o

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Jorge Juan Pérez Arias, Secretario xeral da Fundación Real Federación Española de Fútbol

**MANIFESTAN**

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** (CIF: G83947994) para financiar a organización, realización e coordinación dun Campus de Fútbol, entre o 29 de xuño e o 12 de xullo de 2014, ambos inclusive, dirixido a 120 xoves da provincia, distribuídos en dúas quendas dunha semana de duración cada un deles.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

*A* Fundación Real Federación Española de Fútbol *desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:*

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Equipamentos deportivos | 7.500,00 € |
| Salarios, manutención e desprazamentos adestradores | 10.000,00 € |
| Valoración antropométrica | 2.500,00 € |
| Salarios, manutención e desprazamentos monitores | 8.000,00 € |
| Fotografías recordo | 1.100,00 € |
| Folletos, diploma e avaliacións | 500,00 € |
| Seguro accidentes deportivos | 600,00 € |
| Publicidade e propaganda | 3.500,00 € |
| Desprazamento material para a actividade | 1.800,00 € |
| Actividades de Ocio e tempo libre (material para a actividade complementaria) | 2.500,00 € |
| Dirección e posta en marcha | 2.000,00 € |
| Gastos xerais da actividade (gastos de persoal da fundación) | 5.000,00 € |
| TOTAL | 45,000,00 € |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000€, o que representa unha porcentaxe do 55,56%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,56%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

A achega da Deputación seralle aboada a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto (que deberan estar comprendidas dende o 1 de xaneiro a 30 de setembro de 2014).

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**,, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá a **Fundación Real Federación Española de Fútbol,** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Real Federación Española de Fútbol**,** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1**.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2014.**

**2.-** Despois da solicitude da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

**10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E CEIDA CORRESPONDENTE A UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL NO ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/06/2014.

2.**-** Aprobar o convenio co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) correspondente a unha subvención nominativa, por importe de 32.000 €, para financiar o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2014*, cun orzamento de 40.353,10 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2014.***

Na Coruña o

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o *Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2014* que, a través da Deputación de Coruña, pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o

***Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural no ano 2014**,* no que se integran as seguintes actividades:

*a.- Programa de educación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural e cultural.*
Actividades guiadas.
1.- O mar e a costa, recursos valiosos para todos.
2.- A illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico.

*b.- Xornada de boas prácticas na xestión ambiental municipal.*

*c.- Programa de divulgación ambiental.*
Exposicións itinerantes
1.- Coidando o noso mar.
2.- O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción.
3.- Áreas Mariñas Protexidas.
4.- O Patrimonio Marítimo de Galicia.

*d.- Programa de asesoramento e documentación.*
Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

Edición dun boletín electrónico.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Director do Programa | 9.424,40.- |
| 2 Educadoras ambientais | 12.175,44.- |
| Documentalista | 7.376,34.- |
| Administrativa | 5.795,30.- |
| Seguro de accidentes e R.C. | 660,00.- |
| Materiais e servizos | 3.000,00.- |
| Gastos diversos (teléfono, envíos, fotocopias) | 1.921,62.- |
| ***Total gastos*** | ***40.353,10 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **32.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,30 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,30 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/172A/46700, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**
**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O CEIDA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin

de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CEIDA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.
**2.-** Despois da solicitude do CEIDA, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

**11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O XI FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES CURTOCIRCUÍTO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/06/2014.

2.**-** Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 112.000 €, concedida para financiar o *XI Festival Internacional de curtametraxes "Curtocircuíto 2014"*, cun orzamento subvencionado de 140.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *XI Festival Internacional de Curtametraxes "Curtocircuíto 2014".***

Na Coruña, o

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Ángel Currás Fernández, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, e Presidente do Consello Reitor do organismo autónomo local de carácter administrativo, Auditorio de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

**1.-** Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento

económico e social e, para iso, teñen a posibilidade legal de subscribir convenios para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

**2.-** Como parte das actividades de fomento da cultura, e máis en concreto do cine, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve o *XI Festival Internacional de curtametraxes "Curtocircuíto 2014".*

Trátase dun evento que ten como obxectivo impulsar a construción e consolidación dunha cultura cinematográfica en torno ao mundo da curtametraxe na cidade de Santiago de Compostela.

**3.-** O *XI Festival Internacional de curtametraxes "Curtocircuíto 2014" é* xestionado polo Auditorio de Galicia que ten encomendada a actividade da Concellería de Cultura, por acordo do Pleno da corporación municipal do 15 de abril de 2004.

**4.-** Tendo en conta a transcendencia e significación que presenta o proxecto impulsado polo Concello de Santiago de Compostela e a súa gran repercusión no ámbito cultural, así como a confluencia de intereses coa Deputación da Coruña xa que complementan as accións desta última destinadas a apoiar a cinematografía, ambas as institucións acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF: P1500079G) para financiar o ***XI Festival Internacional de curtametraxes "Curtocircuíto 2014"*** que ten lugar en Santiago de Compostela ao longo do ano, co seguinte contido:

1.- SEMANA OFICIAL 2014.

1.1.- Sección Oficial: Concurso de curtametraxes: Internacional
Nacional
Explora
Galicia
1.2.- Sección Paralela: Programas temáticos
Percorridos por festivais de referencia no eido do documental.

1.3.- Actividades complementarias: Mercado Internacional de Curtametraxes.
Encontro dos Centros Audiovisuais de Galicia.
Concurso Escolas Galegas.
Actividades educativas.
Charlas, café-coloquio e mesas de debate.
2.- CURTOCONCERTO.
Concertos que recollerán as propostas galegas máis alternativas de fusión e achegas musicais vinculadas ao audiovisual.

3.- CURTOCIRCUÍTO NA RÚA.
Proxeccións, ao aire libre, durante o verán, dunha selección de curtametraxes, nas prazas máis representativas da zona monumental da cidade.

4.- PLAN DE COMUNICACIÓN.
O plan de comunicación ten dous obxectivos: chegar a todos os membros do sector e facer sentir partícipes do festival a todos os composteláns.

5.- CURTOCIRCUÍTO NO MUNDO.
Presentación de curtas en certames internacionais: Festival de Cine Europeo de Brest, Mostra Xove da Habana, Festival de Cine Iberoamericano de Nova Inglaterra.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela.**

As actividades obxecto do convenio, segundo se definen na cláusula anterior, foron desenvoltas polo Concello de Santiago de Compostela , consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Dirección do Festival | 25.000.- |
| Realización, produción, aluguer de equipos, subtitulados | 59.000.- |
| Xurados e premios | 16.000.- |
| Outras actividades complementarias, cursos, actuacións e cachés artísticos | 20.000.- |
| Viaxes, aloxamentos e manutención | 10.000.- |
| Comunicación e difusión | 10.000.- |
| ***Total*** | ***140.000 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **112.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co

límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

**2.-** Despois da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --------------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.""

**12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA AO CONCELLO DE PORTO DE SON PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA NO ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/06/2014.

2**.-** Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2014.***

Na Coruña, o

**REÚNENSE**

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

**MANIFESTAN**

Ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Deputación da Coruña é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, para a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son (CIF: P1507200B) para financiar o ***Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2014***, coas seguintes áreas e contidos:

*Actividades:*

* Traballo de campo cos centros de ensino, tanto do concello como de fóra, para que coñezan o que é un Centro de Interpretación e para que serve.
* Visitas guiadas ao Castro de Baroña e aos petróglifos do concello, dirixidas a escolares e grupos de xoves e adultos.
* Impulsar o respecto ao patrimonio arqueolóxico e potenciar o comportamento cívico que evite a súa degradación.

* Exposicións arredor do xacemento castrexo.
* Xornadas relacionadas co xacemento castrexo.

* Presentación de libros e iniciativas culturais.

* Participación no Itinerario Arqueolóxico Comarcal.

* Conferencias de expertos relacionados co mundo castrexo e coa arqueoloxía.

*Promoción:*

* Celebración da Feira Castrexa 2014.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Porto do Son.**

O Concello de Porto do Son desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Persoal | 15.000.- |
| Feira Castrexa 2014 | 10.000.- |
| ***Total*** | ***25.000 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/333A/46200, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Porto do Son obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello de Porto do Son o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Porto do Son axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-**O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Porto do Son.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Porto do Son do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Porto do Son terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Porto do Son deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Porto do Son para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Porto do Son da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Porto do Son deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Porto do Son destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Porto do Son poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Porto do Son queda sometido aos procedementos

de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**2.-** Despois da solicitude do Concello de Porto do Son, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Porto do Son, respectivamente.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.""

**13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CENTRO DE ESTUDOS MELIDENSES-MUSEO TERRA DE MELIDE CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2014.**

(Entra no Salón o Sr. Iglesias Redondo).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10/06/2014.

2.**-** Aprobar o convenio co Centro de Estudos Melidenses – Museo da Terra de Melide correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais do ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 30.900,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o *Programa de actividades culturais do ano 2014.***

Na Coruña,

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, Director do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias se atopa o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo a cerna dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide (CIF: G15229982) para financiar o ***Programa de actividades culturais do ano 2014****.*

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| * Gastos de persoal | 20.400,00.- |
| * Publicación do Boletín nº 27 | 5.000,00.- |
| * Edición dun calendario | 600,00.- |
| * Edición de postal de Nadal | 200,00.- |
| * Edición de marcapáxinas | 200,00.- |
| * Reedición plano turístico de Melide | 4.500,00.- |
| **Total de gastos** | **30.900,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **64,725 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,725 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/333A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide logo de terse presentado a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**
**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Despois de que estean rematadas as actividades, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro será iniciado de oficio, e na súa tramitación será seguido o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**2.-** Despois da solicitude do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."”

**14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS: PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10/06/2014.

2.**-** Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais:“ Programa Outra+Outra 2014”,* cun orzamento subvencionado de 26.008,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2015, autorice o correspondente orzamento.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar o *Programa de actividades culturais: “Programa Outra+Outra 2014”.***

Na Coruña, o

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Sandra Ortega Mera, Presidenta da Fundación Paideia Galiza.

**EXPOÑEN**

**1.-** Que ambas as entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

**2.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.

Que o art. 36.1.d) da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, establece como competencias propias das deputacións *“A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*

**3.-** Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un Centro de Iniciativas Empresariais que se asenta no Polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades audiovisuais e de creación musical.

**4.-** Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas as entidades, neste ámbito, son complementarias polo que, coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e apoiar ás formacións musicais, que se rexerá polas seguintes:

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza (NIF: G15798655) para financiar o ***Programa de actividades culturais: “Programa Outra+Outra 2014”*** consistente nun programa de gravacións dirixido ás bandas, corais, grupos de cámara e agrupacións musicais da provincia, incluídas na Rede Cultural da Deputación dos anos 2014-2015, que ten o seguinte contido:

* Gravación dun CD de cada unha das 6 agrupacións seleccionadas e edición de 1.030 unidades de cada CD.
* Gravación dun CD recompilatorio cun tema de cada agrupación seleccionada e edición de 1.000 unidades deste CD.

O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

**1ª fase:** As agrupacións musicais solicitarán a participación neste proxecto, facendo constar expresamente o seu compromiso de asumir a porcentaxe do custo total que lles corresponde.

Será condición para poder participar neste proxecto que a agrupación estea incluída na Rede Cultural da Deputación no ano 2014, ou na quenda de solicitudes que, para participar nela, presenten as súas solicitudes no ano 2015.

**2ª fase:** Comprobadas as solicitudes pola comisión mixta, esta seleccionará ás seis que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

- Interese do currículo do grupo.
- Antigüidade do grupo.
- Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

**3ª fase:** Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza fará entrega de 1.000 copias do CD a cada agrupación musical.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

A Fundación Paideia Galiza desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Persoal técnico | 9.900.- |
| Persoal de loxística e administración | 4.000.- |
| Deseño e creación catálogo | 360.- |
| Técnico gravación e mestura dos Cd | 3.798.- |
| Fabricación e edición dos Cd | 4.320.- |
| Deseño e creación dos Cd | 1.380.- |
| Afinador do piano | 150.- |
| Correos, mensaxería | 50.- |
| Edición CD recompilatorio | 2.050.- |
| **Total** | **26.008.- €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **76,899 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos; o restante 23,101 % será

achegado directamente á Fundación Paideia Galiza por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos, se estipule.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,899 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación non será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

**IV.- Obrigas das partes.**

**1.-** Obrigas da Deputación da Coruña:

***** Realizar a difusión do programa.

* Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.

* Achegar o importe correspondente ao 76,899 % do orzamento de gastos que figura na cláusula segunda.

**2.-** Obrigas da Fundación Paideia Galiza:

***** Recibir as solicitudes das agrupacións musicais para participar no programa.

***** Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.

* Proporcionar a cada unha das seis agrupacións musicais seleccionadas unha sala de gravación no CIE “Mans” durante un día.

* Realizar a edición, mestura e masterización, en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.

* Poñer a disposición das agrupacións musicais un piano, encargándose da súa afinación.

* Poñer a disposición das agrupacións musicais un servizo de restauración.

* Tramitar a documentación administrativa necesaria e a esixida pola lexislación da propiedade intelectual, en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE (incluído o aboamento de tarifas).

* Realizar o deseño gráfico dos CD, e o seguimento da fotomecánica.

* Xestionar a marca discográfica e a de fábrica.

* Entregar a cada agrupación musical 1.000 copias do seu CD e 100 copias do Cd recompilatorio.

* Entregarlle á Deputación provincial 25 copias de cada CD das agrupacións e 200 copias do CD recompilatorio.

* Entregar 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal.

* Dispoñer de 2 copias de cada CD gravado para efectos de arquivo.

**V.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**VI.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

**VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse ás actividades realizadas dende o 1 de xuño de 2014 ata o 30 de abril de 2015, de acordo coa planificación das actividades contempladas na memoria presentada.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**
**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas, como máximo, o **30 de abril de 2015**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá a Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**IX.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XII.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio comeza o 1 de xuño de 2014 e finalizará o **31 de maio de 2015**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**2.-** Despois da solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

**15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA FINANCIAR O VI CAMPUS MUSICAL 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10/06/2014.

2.- Concederlle á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha subvención nominativa por importe de 18.000 €, para financiar o *" VI Campus musical 2014" ,* cun orzamento de 22.500,00 €.

3.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

"***Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o "VI Campus musical 2014"***

Na Coruña o

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Armando Morales Blanco, Presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeña, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

**1.-** A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 87 bandas populares e máis de 5.500 músicos.

**2.-** Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.

**3.-** Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organiza o VI Campus musical 2014, durante o mes de xullo, no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

**4.-** Logo de ver os resultados do Campus Musical que se vén celebrando nos últimos anos coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxectos cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para financiar o ***"VI Campus musical 2014"***, na cidade de Santiago de Compostela do 7 ao 12 de xullo, co seguinte contido:

* Actividades de formación dirixidas a 150 alumnos, coas seguintes especialidades: instrumentais (frauta, óboe, clarinete, saxofón, fagot, trompeta, trompa, trombón e bombardino, tuba, percusión, contrabaixo, violoncello e piano), dirección e composición.

* Concertos nas principais prazas do casco histórico de Santiago de Compostela ofrecidos por alumnos e profesores e pola Banda Sinfónica da Federación.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.**

A Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| * Profesorado | 16.500,00.- |
| * Aloxamentos, manutención, materiais e publicidade | 6.000,00.- |
| ***Total*** | ***22.500,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**
**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán realizarse durante o **mes de xullo de 2014**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de setembro de 2014.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos

á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2014** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

**2.-** Despois da solicitude da Federación Galega de Bandas de Música Populares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.””

**16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE VIMIANZO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A XXI MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12/06/2014.

2.**-** Aprobar o Convenio co Concello de Vimianzo correspondente á subvención nominativa, por importe de 70.000 €, concedida para financiar a *XXI Mostra de Artesanía en Vivo 2014 ,* cun orzamento subvencionado de 87.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2015, autorice o correspondente orzamento.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para a realización da XXI Mostra de Artesanía en Vivo 2014.**

Na Coruña, o

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

1.- A Deputación provincial e o Concello de Vimianzo exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- No Castelo de Vimianzo vénse celebrando dende o ano 1994 a Mostra de Artesanía en Vivo, que neste ano acada a súa XXI edición.

Esta actividade viuse apoiada hai uns anos pola actuación que foi levada a cabo na fortaleza, dentro do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, a través do cal se acondicionaron as diferentes dependencias, coa finalidade de que ao longo de todo o ano fose unha exposición de artesanía.

**3.-**Que a finalidade da Mostra é a de expoñer a realidade das diversas artesanías que teñan gran tradición en toda a comarca e, ao mesmo tempo, facer do Castelo un lugar vivo e activo, de acordo con criterios museolóxicos actuais, no que os visitantes poidan coñecer as variadas técnicas artesanais e participar directamente nas actividades relativas a estas artesanías, co obxectivo de promover estes produtos e a súa comercialización, así como contribuír ao coñecemento da comarca dende o punto de vista do turismo.

**4.-** Atendendo á finalidade da actuación pretendida e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promove en diversos ámbitos ao Concello e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu orzamento de gastos, é polo que ambas as administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo (CIF: P1509300H) para financiar a ***XXI Mostra de Artesanía en Vivo 2014.***

As acción incluídas nesta programación son as seguintes:

- *Exposición en vivo das seguintes artesanías:* encaixe de Vimianzo, artesanía do liño (I e II), maquetería de barcos, artesanía do vidro, cestería, artesanía da pel e olería.
- *Visitas guiadas no Castelo.*
- *Ruta a pé polo Val de Vimianzo: Castelo, monte de Trasariz, Pazo de Trasariz, vello Camiño Real, muíños da Agra, das Pasantes e da Gándara, castros da Barreira e de Trasouteiro e Pazo de Trasouteiro.*
- *Visita teatralizada ao Castelo.*
- *Accións de adestramento e posta en valor da artesanía, dirixidas aos artesáns.*
- *Accións de comunicación e divulgación da Mostra E OS SEUS CONTIDOS.*

**II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Vimianzo.**

O Concello de Vimianzo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:
*Recursos humanos*
Conserxe e técnicos 24.250.-
Guía 800.-
Atención ao público 2.750.-
*Subtotal 27.800.-*

| | |
|---|---|
| *Subministracións e gastos de mantemento* | |
| Enerxía | 12.000.- |
| Limpeza e outros | 700.- |
| *Subtotal* | *12.700.-* |
| *Exposición, animación e promoción* | |
| Exposición artesanías en vivo | 41.500.- |
| Visita teatralizada | 3.250.- |
| Accións de adestramento e posta en valor da artesanía | 1.000.- |
| Accións de comunicación e divulgación | 1.250.- |
| *Subtotal* | *47.000.-* |
| **Total** | **87.500 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega de **70.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Vimianzo que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao Concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe correspondente á aplicación da porcentaxe aprobado do 80% á cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334G/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Vimianzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello de Vimianzo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Vimianzo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** O Concello de Vimianzo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente á XXI Mostra de Artesanía en Vivo 2014, e na súa páxina web.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Vimianzo.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Vimianzo do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.
* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Vimianzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Vimianzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Vimianzo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Vimianzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Vimianzo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Vimianzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vimianzo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vimianzo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Vimianzo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vimianzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**2.-** Despois da solicitude do Concello de Vimianzo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.””

**17.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2014, APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN NA SESIÓN DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2104, CON DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Para explicar que imos votar que non en coherencia co noso posicionamento político durante todo este proceso relacionado co persoal desta Administración pública.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (POSE)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, en contra do BNG e a abstención do PSOE, acorda:

“Visto o expediente 17620/2014, relativo á aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo 2014, e logo de examinar as alegacións formuladas pola organización sindical CIG, contra o acordo da súa aprobación inicial na sesión plenaria do 25 de abril de 2014; no que se acreditan os seguintes:

**I.- ANTECEDENTES**

**I.1.-** A organización sindical CIG presentou dentro do prazo legal un escrito de alegacións ao acordo de aprobación inicial da modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo 2014, no que solicita a nulidade de pleno dereito do acordo plenario aprobatorio, do 25 de abril de 2014.

**I.2.-** Fundamenta as alegacións, en síntese, en que a Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos da Deputación da Coruña, órgano negociador do que forma parte a citada organización sindical CIG, foi convocada con data do 8 de abril de 2014, ás 13.48 horas, mediante un correo electrónico dirixido pola Secretaría da Mesa á sección sindical, para a xuntanza que tería lugar o seguinte día 11 de abril de 2014, ás 10.00 horas, sen que se incluíra a documentación relacionada cos asuntos incluídos na orde do día.

No expediente consta, en efecto, o correo electrónico do que se trata, enviado pola Secretaría da Mesa, á dirección da sección sindical cig@dicoruna.es, pero enviado ás 11.58 horas.

Así mesmo, expón a organización alegante, que o día 9 de abril de 2014, dende a conta recursos.humanos.planificacion@dicoruna.es, se remite ás 11.04 horas a documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día da referida xuntanza, á conta de correo alberto.cadaveira@dicoruna.es , pero non á conta da sección sindical.

No expediente consta, igualmente, o dito correo electrónico, da data e hora indicadas, remitido ás contas alberto.cadaveira@dicoruna.es e máis á conta cig@dicoruna.es, da sección sindical. Faise constar que a conta recursos.humanos.planificación@dicoruna.es correspóndese coa asignada á unidade xestora do expediente.

Igualmente, a organización sindical alegante presentou un escrito con data 10 de abril de 2014, no que solicitada a suspensión da convocatoria da Mesa Xeral en cuestión, e que o mesmo día, ás 10.41 horas, a Secretaría desta enviou un correo electrónico no que se comunicaba a modificación da hora da xuntanza para ás 14.30 horas do día 11 de abril de 2014.

Consta no expediente que este correo foi dirixido á repetida conta da sección sindical cig@dicoruna.es, e contestada ás 11.10 horas dende a mesma conta por don Alberte Cadaveira, secretario da Sección Sindical da CIG na Deputación da Coruña.

Sostén, en consecuencia, a reclamación formulada que o acordo adoptado é nulo de pleno dereito por considerar que non se cumpriu o prazo de corenta e oito horas de antelación para recibir a convocatoria da xuntanza da Mesa Xeral de Negociación, polo que se considera

**I.3.-** Rexéitanse na súa totalidade todas as alegacións de feito contidas no escrito da organización sindical CIG, en canto se aparten ou contradigan ao anteriormente exposto.

**II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**II.1.-** Rexéitanse integramente todos os fundamentos de dereito contidos nas alegacións formuladas pola organización sindical CIG, por non ser de aplicación, segundo se expón deseguido.

**II.2.-** Con independencia de que se considere ou non a Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos como "órgano colexiado" en sentido estrito, ou como un "órgano de negociación", paritario e, consecuentemente, distinto; non é en ningún dos dous casos aplicable o disposto no artigo 24.1.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tendo en conta que a Sentenza do Tribunal Constitucional 50/1999, do 6 de abril, declara expresamente que "non ten carácter básico", polo que é contrario á orde constitucional de competencias. En consecuencia, o prazo que sinala de corenta e

oito horas de antelación para a recepción da convocatoria non é en ningún caso de aplicación.

**II.3.-** En calquera caso, tal como consta dos antecedentes expostos anteriormente, a hora da xuntanza foi modificada, cumpríndose como consecuencia tamén co dito prazo de antelación no suposto de que fose de aplicación.

**II.4.-** Non é aplicable tampouco o artigo 62 da xa citada Lei 30/1992, ao faltarlle, tal como consta do exposto, o sustento fáctico necesario.

De conformidade coa normativa legal e xurisprudencial citadas e demais concordante e de aplicación, o Pleno, por *, ACORDA:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas pola organización sindical CIG contra a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo 2014, aprobada inicialmente polo acordo plenario do 25 de abril de 2014.

2º.- Aprobar definitivamente a dita modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo 2014.

3º.- Dar traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.

4º.- Publicar a modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia.””

**18.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de xuño de 2014.

2.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

3- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF, P1507900G para financiar as actividade do “Plan de competitividade turística. Ano 2014”

4- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 115.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/46201 RC núm. de operación 220140001059 do 10 de febreiro de 2014.

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, , en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, **CIF P1507900G**, para o financiamento do "*Plan de competitividade turística. Ano 2014*".

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| ÁREA-PROGRAMA | | IMPORTE |
|---|---|---|
| **PROMOCIÓN** | | **25.365,00 €** |
| Feiras de turismo, presentacións, workshops e outras accións de promoción | 16.500,00 € | |
| Redes de Promoción | 8.865,00 € | |
| **ACOLLIDA E ATENCIÓN AO VISITANTE** | | **54.000,00 €** |
| Reforzo de información turística | 50.000,00 € | |
| Acción Homenaxe ao peregrino | 4.000,00 € | |
| **SCFC** | | **4.000,00 €** |
| I+P Ideas para producir | 4.000,00 € | |
| **TURISMO GASTRONÓMICO** | | **20.000,00 €** |
| Eventos gastronómicos | 20.000,00 € | |
| **ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN** | | **3.000,00 €** |
| Accións de dinamización e descentralización | 3.000,00 € | |
| **ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN E ESPACIO WEB** | | **28.741,54 €** |
| Portal web (Edición de contidos, aloxamento, mantemento…) | 25.841,54 € | |
| Outras accións de comunicación en medios | 2.900,00 € | |
| **ESTUDOS DE DEMANDA TURÍSTICA** | | **8.643,46 €** |
| Recollida, análise e tratamento de datos | 8.643,46 € | |
| **TOTAL** | | **143.750,00 €** |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 115.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

> 1.-Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
> 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
> 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
> 4.- O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen

desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito suficiente para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de xaneiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN | O Alcalde do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |

DON DIEGO CALVO POUSO”

**19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 09 de abril de 2014.

2.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL con CIF, P1503700E para financiar as actividade do "Plan de competitividade turística. Ano 2014"

3.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 85.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.
A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/46201 RC núm. de operación 220140001066 do 10 de febreiro de 2014.

4.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

5.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, , en representación do CONCELLO DE FERROL

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE FERROL, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE FERROL**, **CIF P1503700E**, para o financiamento do “*Plan de competitividade turística. Ano 2014*”.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

O CONCELLO DE FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| **1. PLAN FORMATIVO SECTOR TURÍSTICO** | **2.000,00 €** |
| Celebración de xornadas e impartición de obradoiros específicos en materia de turismo | |
| **2. ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ASISTENCIA A FEIRAS E EVENTOS** | **20.000,00 €** |
| Celebración de eventos en materia de turismo tales como Cataviño, Reti, Tapeate Ferrol | |
| Asistencia a feiras e eventos relacionados co turismo | |
| **3. PROMOCIÓN TURÍSTICA** | **84.250,00 €** |
| Realización de accións encamiñadas á promoción e consolidación de Ferrol como destino turístico | |
| Elaboración de material promocional (folletos, bolsas, planos, mapas, CD…) | |
| **TOTAL** | **106.250,00 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 85.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE FERROL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE FERROL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE FERROL.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE FERROL, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

> 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
> 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
> 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
> 4.- O CONCELLO DE FERROL estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, terán lugar entre o 1 de abril de 2014 ata o 31 de outubro de 2014.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O CONCELLO DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE FERROL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de abril do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE FERROL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe

correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE FERROL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE FERROL, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O alcalde do CONCELLO DE FERROL

DON DIEGO CALVO POUSO”

**20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no

presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.

2.-Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

3.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA con CIF, P1503000J para financiar as actividade do “Plan de competitividade turística. Ano 2014”

4.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 105.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/46201 RC núm. de operación 220140001063 do 10 de febreiro de 2014.

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, , en representación do CONCELLO DA CORUÑA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DA CORUÑA, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DA CORUÑA**, **CIF P1503000J**, para o financiamento do “*Plan de competitividade turística. Ano 2014*”.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | | PRESUPOSTO |
|---|---|---|
| **ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN** | | **96.780,00 €** |
| Concurso de Tapas Picadillo | 50.000,00 € | |
| Evento Cascarilla e Chocolate | 21.780,00 € | |
| Accións Saborea España | 12.000,00 € | |
| Accións de promoción a segmentos de interese | 13.000,00 € | |
| **MATERIAL PROMOCIONAL** | | **34.470,00 €** |
| Edición folleto Torre de Hércules | 6.000,00 € | |
| Edición folletos gastronómicos | 7.950,00 € | |
| Reedición de folletos turísticos | 6.000,00 € | |
| Contratación subministración elementos de mercadotecnia para as persoas que participen nos congresos que se desenvolvan na cidade | 7.260,00 € | |
| Contratación da subministración de elementos de mercadotecnia relacionados coa gastronomía | 7.260,00 € | |
| **TOTAL** | | **131.250,00 €** |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 105.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Corresponderalle ao CONCELLO DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DA CORUÑA.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DA CORUÑA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

> 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
> 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
> 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
> 4.- O CONCELLO DA CORUÑA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

> 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
> 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu

caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito suficiente para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de xaneiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de

xeito que o CONCELLO DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DA CORUÑA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O alcalde do CONCELLO DA CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUSO”

**21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VOZ NATURA 2014”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.

2.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

3.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE CIF G15620651, para financiar o programa “Voz Natura” cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 72.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 49,68 % con respecto a un presuposto de 144.926 €) que serán aboados con cargo á aplicación presupostaria 0520/172A/481 RC núm. de operación 220140001070 do 10 de febreiro de 2014.

4.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

5.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VOZ NATURA 2014”

A Coruña, …. de ………… de 2014

**REUNIDOS**

Dunha parte, o  Excmo. Señor Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.
Doutra parte, o Sr. D. Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación**.**
Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica”.
As actividades da Fundación encamíñanse á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor realízase nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e concrétase en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.
Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é o de “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á

comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade (http://www.voznatura.com/home/index.php).
A Deputación da Coruña vén colaborando no cofinanciamento do proxecto "VOZ NATURA" dende hai anos. Na Base 50ª.5 do orzamento xeral para 2014 figura unha achega nominativa coa citada finalidade.

**CLÁUSULAS**

**I. OBXECTO**
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre", para o cofinanciamento do proxecto "Voz Natura 2014".

**II. ORZAMENTO DE GASTOS**
O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á provincia da Coruña ascende a 144.926,00 €, e ten o seguinte detalle:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios (compra material funxible: sementes, aboamentos, …) | 66.400,00 € |
| Material de promoción para os alumnos participantes (cartelería, adhesivos, …) | 1.420,00 € |
| Material de oficina, envíos e similares relacionados co proxecto | 2.562,00 € |
| Premios VOZ NATURA e festa de fin de curso (alugueiro de material, voluntariados, … ) | 19.629,00 € |
| Asistencia técnico-ambiental a proxectos dos colexios (gastos de persoal) | 12.529,00 € |
| Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios | 3.944,00 € |
| Coordinación VOZ NATURA (gastos de persoal) | 34.804,00 € |
| Plan de comunicación (servizos contratados) | 3.638,00 € |
| **TOTAL** | **144.926,00 €** |

**III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**
1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,68 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente ao 49,68 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/172A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

**V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

**VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o disposto na cláusula VIII.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2014.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2015.

2.Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de xaneiro de 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do_________de________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, | O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE |
|---|---|
| D. DIEGO CALVO POUSO | D. SANTIAGO PÉREZ OTERO |

”

**22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN E CESIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo a proposta para a aprobación e formalización do convenio coa ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA), CIF: G-15620628, para financiar a ADQUISICION E CESIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO cunha achega de 45.000 euros con cargo á partida 0620/231E/62401 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de 45.000 euros, así como os informes que constan no expediente:

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3 de xuño do 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA), CIF: G-15620628 , para financiar a ADQUISICION E CESIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 45.000 euros o representa unha porcentaxe de financiamento do **100 %** con respecto un orzamento de **45.000 €** que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0620/231E/62401 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE TRANSPORTE ADAPTADO.

A Coruña, ,    na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña  e,

Doutra parte, Dª Milagros Prieto Gondell con NIF: 40.836.219H, presidenta da ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA) con CIF: G-15620628.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

M A N I F E S T A N

1.-  A Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFAL FERROLTERRA) ten entre os seus fins:

a)  A mellora de calidade de vida dos enfermos de Alzheimer ou outras demencias e das súas familias.

b)  A sensibilización da sociedade e dos profesionais sanitarios e sociais acerca da dimensión e impacto socio-familiar da enfermidade de Alzheimer.

c)  Facilitar o acceso das familias e da rede social, á información, orientación e asesoramento de todos os aspectos médicos, legais, psicolóxicos e sociais relacionados coa enfermidade de Alzheimer.

d)  Promover recursos socio-sanitarios que favorezan a autonomía persoal e funcional do enfermo e da súa familia.

e)  Apoiar e axudar aos familiares

f)  Facilitar o encontro e intercambio de experiencias entre as familias.

g)  Difundir a necesidade dun diagnóstico preciso.

h)  Representar e defender os intereses dos enfermos e das súas familias.

2.-  A Deputación é consciente do importante labor que realiza esta Asociación por mellorar a calidade de vida dos enfermos de Alzheimer e outras demencias e as súas familias e por iso considera de interese financiar a adquisición dun vehículo de transporte adaptado para promover a autonomía persoal dos enfermos de Alzheimer e apoio ás familias, cunha achega provincial de 45.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00%)

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA) para a adquisición dun vehículo de transporte adaptado, que será doado pola Deputación Provincial da Coruña á citada Asociación.

SEGUNDA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, un vehículo de transporte adaptado con destino á ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA).

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 45.000,00 € que serán achegados na súa totalidade pola Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/231E/62401

CUARTA.- A Deputación doará gratuitamente un vehículo de transporte adaptado á ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA), para prestar servizos de transporte adaptado para promover a autonomía persoal dos enfermos de Alzheimer e apoiar ás familias.

QUINTA.- A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL FERROLTERRA) correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións, impostos, seguros, combustibles, etc.

SEXTA.- O vehículo destinaranse exclusivamente a fins propios de transporte adaptado aos enfermos de Alzheimer. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o………………
Así o din, asinan e outorgan por cuadriplicado exemplar no lugar e data fixados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (AFAL-FERROLTERRA) |
| Diego Calvo Pouso | Milagros Prieto Gondell |

”

**23.-CREACIÓN DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (APROBACIÓN DO MODELO DE ACORDO A ADOPTAR POLAS ENTIDADES LOCAIS PARA A SÚA ADHESIÓN E APROBACIÓN DO MODELO DE CONVENIO QUE SE HA SUBSCRIBIR ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E AS ENTIDADES LOCAIS).**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Nós imos votar que non porque entendemos que, aquí se ten falado moitísimas veces, e vostedes téñeno defendido, de intentar non duplicar competencias nin servizos, nestes momentos xa existe unha Central de compras no Estado, existe unha Central de compras na propia FEMP á que poden acudir os concellos do Estado español que queiran facer algún tipo de xestión de compra dos produtos que están metidos nos seus ltes correspondentes, polo tanto, entendemos que unha nova central de compras, neste caso a nivel provincial, parécenos que está de máis, en todo caso o que estamos é engordando esta Administración pública e cremos que o que ao mellor non temos o persoal suficiente para xestionar este novo servizo, é máis, o noso voto desfavorable é sobre todo polo primeiro que acabamos de expoñer, para que queremos unha nova central de compras cando o Estado e a propia Federación Española de Municipios e Provincias teñen xa a disposición dos concellos esas centrais de compras?

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros imos votar a favor, pero entendemos que isto é outra cousa, entendemos que non hai contratación de persoal nin nada, simplemente é variar os pregos dos concursos e dos contratos, é dicir, se a Deputación fai un contrato para telefonía cunha empresa, ofrécello aos concellos da provincia cos mesmos prezos por se queren adherirse ou non, é simplemente abaratar custos e facilitar as contratacións, entendemos así, si verdade?, entón o noso voto vai ser favorable.

Sr. López Crespo

Bo día a todos. Eu considero, eu e o Grupo no que estamos, consideramos que esta é unha ferramenta, é un instrumento benvido á Administración local. Eu, que levo dezanove anos nisto, hai moito que pensaba que isto debía de existir, e discrepo co voceiro do BNG no sentido de que xa existe, non é certo, o que existe é unha Central de compras, esta é unha central de compras, esta é unha central con dous aspectos fundamentais, un primordial , que é o aforro económico que se pode producir niso que denominades os economistas economía de escala, por un lado, pero ten outro aspecto que é moi importante e é a seguridade xurídica que nos dá aos concellos nalgúns aspectos, como é o de compras, de bens, de subministracións, e incluso a redacción de pregos e a contratación doutras cousas, como poden ser as obras, non lle vou preguntar publicamente, Deus me libre, pero seguro que os habilitados nacionais desta Deputación están encantados de crear este organismo, dígoo porque nese velar pola seguridade xurídica este é un instrumento imprescindible, e por iso, ademais nace cunha pluriopción para os concellos que é asinar o convenio marco, e logo unirse puntualmente nalgúns aspectos, nalgunhas

compras, nalgunhas contratacións, e noutras non, é dicir, que para nós esta creación deste instrumento é fundamental e non supón nin duplicidade de competencias, e o que é máis importante, non supón absorción de funcións da Deputación e sacarllas ao concello. Esta deputación, todas, pero esta en particular, é coñecida polo apoio ao municipalismo, polo apoio aos concellos como institucións máis próximas ao cidadán, e este instrumento ven completar, e de que maneira, reitero o fincapé que fago no aspecto económico, que ten importancia, pero moito máis, e nos mundos que corremos, na seguridade xurídica que nos dá aos propios concellos. Grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, seguramente igual non foi explicado o suficiente, aínda que xa o dixeron os voceiros do Grupo Socialista e Popular, en ningún caso supón un incremento de custo nin para a Deputación, non hai que contratar ningún tipo de persoal, senón que o levamos co cadro de persoal existente, o cal lle quero agradecer, e en todo caso é voluntario, quero dicir, a adhesión a esta central non implica que todo o que se adquira ou os pregos que poidan saír a través da central, os concellos adheridos teñan que utilizalo, senón que é voluntario, aquel concello que nun momento determinado estea adherido e quere ter as mesmas condicións na contratación que ten a Deputación, loxicamente vai poder usalo, e senón non pasa nada, e o custo para o concello é simplemente a toma de acordo no seu Pleno municipal, de adhesión, e este é un pouco o espírito que, tanto neste caso, como nas comunidades intermunicipais intentamos trasladar, que sexa o concello o que decida libremente en que momento quere colaborar, como quere colaborar, e o máis importante, sen ningún custo económico tamén para os concellos que estean adheridos, e non pase absolutamente nada.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE, e en contra do BNG, acorda:

"Visto o expediente relativo a proposta para a Creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña (Aprobación do modelo de acordo a adoptar polas entidades locais para a súa adhesión e aprobación do modelo de convenio a subscribir entre a Deputación provincial e as entidades locais), así como os informes que constan no expediente:

1º.- Crear a Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña

2º.- Aprobar o modelo de acordo a adoptar polas entidades locais para a súa adhesión a Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña

3º.-  Aprobar o modelo de convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as Entidades Locais para a súa Adhesión a Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña

4º.- Facultar ao presidente para a realización de todas as actuacións necesarias para a posta en marcha e funcionamento da Central de Contratación así como para aprobar a normativa de desenvolvemento do presente acordo.

## ANEXO I

## MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

**ACORDO DE ADHESIÓN  AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA  DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO:** A Deputación Provincial da Coruña, por acordo plenario de ___de __________de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.

**SEGUNDO:** O (*Concello de _________________ ou a Entidade___________)* está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no Art.205 do referido Texto Refundido o (*Pleno da Corporación Municipal ou o órgano competente da Entidade_________________)*

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Adherirse á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña
**SEGUNDO.-** Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo.
**TERCEIRO.-** Remitir o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos
**CUARTO.-** Facultar a (Alcalde/sa *ou cargo do Organismo ou Entidade)* para que en nome e representación desta *(Corporación /Entidade)* proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello/Entidade de _________________________

## ANEXO II

## MODELO DE CONVENIO DE ADHESIÓN

**CONVENIO DE ADHESIÓN DE (Entidade Local correspondente) AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

A Coruña, ______________________________

**REUNIDOS:**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, na súa calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día ………………………….., asistido por D. José Luis Almau Supervía, secretario xeral desta en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.

Doutra parte D. ___________________________, alcalde/sa-presidente/a do Concello de _________________________, expresamente habilitado para este acto polo _________________________, en sesión celebrada en data __________________

Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para a sinatura do presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos termos deste á persoa xurídica que representan.

En virtude diso,

**EXPOÑEN**

**Primeiro:** Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día …………………., aprobou a creación dunha Central de Contratación, coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

**Segundo:** Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitar ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigación de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

**Terceiro:** Que (o Concello de………… , ou a entidade …………..) por acordo (do Pleno da Corporación municipal de data ………………., ou o órgano competente da entidade ………) acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, os asinantes acordan asinar o **presente CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.**

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión de (Concello de ………… ou a Entidade ………..) á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, podendo, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou

servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.
Esta adhesión non supón a obrigación de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, podendo optar (Concello de ………… ou a Entidade ………..) por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.
Non obstante a adhesión individualizada aos distintos Acordos Marco, contratos e outras licitacións por (Concello de ………… ou a Entidade ………..) si terá carácter obrigacional, non podendo, en consecuencia efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados Acordos Marco ou contratos á marxe destes.

**SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

1. A Central de Contratación informará as entidades locais dos correspondentes Acordos Marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un destes, que será voluntaria para as ditas entidades.
2. A Central de Contratación informará as condicións dos Acordos Marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.
3. Tamén se obriga á publicación dos Acordos Marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.
4. Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.
5. Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

**TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL**
Son obrigacións do (Concello de ………… ou a Entidade ………..)as seguintes:
**1.-** Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o e-mail de contacto.
**2.-** Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, previa autorización e disposición do gasto.
**3.-** Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.
**4.-** Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 216 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

**CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO.**
O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, previa comunicación á outra con polo menos tres meses de antelación.

**QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS.**
Será causa de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.
Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión previa comunicación efectuada, polo menos, tres meses de antelación.
Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia de (Concello de ………… ou a Entidade ………..).

**SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS.**
As cuestións litixiosas que poidan exporse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da Orde xurisdicional contencioso-administrativo.
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado, os interviñentes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE/SA

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN"

**24.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a votación, que saiban vostedes, xa saberán que levamos todos aqueles concellos que tiñan o expediente completo, a medida que se vaian incorporando o resto dos trámites que lle falta algún concello, levaremos os seguintes, espero que para o próximo Pleno poidamos levar o resto.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as bases modificadas reguladoras do Plan "DTC 93: Unha deputación para todos os concellos", aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 28 de marzo de 2014 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 62 do 1 de abril de 2014
Despois de ver as solicitudes que están revisadas e presentadas polos concellos que máis adiante se detallan

1.- Aprobar a 1ª fase da anualidade 2014 do Plan “DTC 93: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo resumo de cifras globais dos distintos apartados establecidos na base 2 nos que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos a este acordo: anexo I para as obras e subministracións, e anexo II para o financiamento das achegas municipais a outros plans, programas ou convenios:

| **1ª FASE ANUALIDADE 2014 con 25 concellos<br>PLAN DTC-93 “Unha deputación para todos os concellos”** | | | |
|---|---|---|---|
| **APARTADO** | **DEPUTACIÓN** | **CONCELLO** | **TOTAL** |
| A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS (Anexo I) | 3.901.823,50 | 47.921,36 | 3.949.744,86 |
| B) ACHEGAS MUNICIPAIS (Anexo II) | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL 1ª FASE PLAN DTC 93** | 3.901.823,50 | 47.921,36 | 3.949.744,86 |

Aprobar os proxectos técnicos das obras e pregos das subministracións incluídas nesta fase do plan.

A aprobación definitiva desta fase queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 3/2014 no que se vai consignar crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta fase do plan.

2.- Aprobar o Plan complementario que se detalla no anexo III no que se inclúen as actuacións solicitadas polos concellos para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións das actuacións, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

3.- A contratación das obras e subministracións incluídas no apartado A) realizarase polos respectivos concellos de acordo co establecido na base 7.

4.- A execución do plan e pago da achega provincial realizarase de acordo co establecido na base 8.

5.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

6.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.

**DTC 93**

**Expediente de aprobación da 1ª fase da anualidade 2014 do DTC 93 "Unha deputación para todos os concellos"**

**ANEXO I: obras e subministracións**

| Concello | Denominación | Deputación | Concello | Total | | Programa presupostario | 155 | 161 | 453 | 454 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **AMES** | REPARACION CAMIÑO CRUCE DE VENTIN-MILLADOIRO | 63.253,11 | 0,00 | 63.253,11 | | 453 | | | 63.253,11 | |
| | REPARACION CAMIÑO MAMOA A PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E OUTROS | 30.422,95 | 0,00 | 30.422,95 | | 454 | | | | 30.422,95 |
| | REPARACION CAMIÑO PARALELO A CAMPO DE FUTBOL DE BERTAMIRANS CARA CASTRIGO E OUTROS | 35.298,62 | 0,00 | 35.298,62 | | 454 | | | | 35.298,62 |
| | REPARACION CAMIÑO PIÑOR A AGAREA | 45.695,19 | 0,00 | 45.695,19 | | 454 | | | | 45.695,19 |
| | REPARACION CAMIÑO PONTE LAPIDO A TARROEIRA (ORTOÑO) E OUTROS | 36.777,94 | 0,00 | 36.777,94 | | 454 | | | | 36.777,94 |
| | REPARACION RUA DO PEDREGAL A ROTONDA POETA DA MAHÍA (BERTAMIRÁNS) | 66.322,97 | 0,00 | 66.322,97 | | 155 | 66.322,97 | | | |
| | **TOTAL** | **277.770,78** | **0,00** | **277.770,78** | | | | | | |
| **BOIRO** | PAVIMENTO DE CURES E CESAR | 97.608,48 | 17.562,47 | 115.170,95 | | 453 | | | 97.608,48 | |
| | PAVIMENTO DE PAZO VELLO,ABANQUEIRO E BANDAORRÍO | 68.058,67 | 12.245,65 | 80.304,32 | | 453 | | | 68.058,67 | |
| | PAVIMENTOS DE TRIÑÁNS,NINE, COÍDO, SAN ROQUE E PONTE GOIÁNS | 56.005,49 | 10.076,94 | 66.082,43 | | 453 | | | 56.005,49 | |
| | **TOTAL** | **221.672,64** | **39.885,06** | **261.557,70** | | | | | | |
| **BRION** | PROXECTO DE MANTEMENTO DE DIVERSAS PISTAS RURAIS DISTRIBUIDAS POLA TOTALIDADE DO TERMO MUNICIPAL DE BRIÓN | 156.099,98 | 0,00 | 156.099,98 | | 155 | 156.099,98 | | | |
| | **TOTAL** | **156.099,98** | **0,00** | **156.099,98** | | | | | | |
| **A CAPELA** | PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS A BARBELA-AC 121 | 70.139,40 | 0,00 | 70.139,40 | | 155 | 70.139,40 | | | |
| | PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS A PORTA-SAN BOULO E OUTROS | 32.866,20 | 0,00 | 32.866,20 | | 155 | 32.866,20 | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **TOTAL** | **103.005,60** | **0,00** | **103.005,60** | | | | | | |
| **CARNOTA** | SANEAMENTO E PLUVIAIS EN PANCHES | 124.214,60 | 0,00 | 124.214,60 | | 161 | | 124.214,60 | | |
| | **TOTAL** | **124.214,60** | **0,00** | **124.214,60** | | | | | | |
| **CARRAL** | OBRA: PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE CAÑÁS E PALEO. CONCELLO DE CARRAL | 130.164,41 | 0,00 | 130.164,41 | | 453 | | | 130.164,41 | |
| | **TOTAL** | **130.164,41** | **0,00** | **130.164,41** | | | | | | |
| **CERCEDA** | REPARACION BEIRARRUAS NA SILVA E OUTROS | 70.711,58 | 0,00 | 70.711,58 | | 453 | | | 70.711,58 | |
| | REPARACION DE CAMIÑO DE SEIXAS A ASTANDE (QUEIXAS) E OUTROS | 80.356,56 | 0,00 | 80.356,56 | | 453 | | | 80.356,56 | |
| | REPARACION RUA POLIGONO | 52.642,42 | 0,00 | 52.642,42 | | 453 | | | 52.642,42 | |
| | **TOTAL** | **203.710,56** | **0,00** | **203.710,56** | | | | | | |
| **CERDIDO** | REPARACIÓN CAMIÑO O PORTO-SUSLOUREIROS-POZADAUGA (A BARQUEIRA) | 90.078,00 | 0,00 | 90.078,00 | | 155 | 90.078,00 | | | |
| | **TOTAL** | **90.078,00** | 0,00 | **90.078,00** | | | | | | |
| **COIROS** | MELLORA REDE SANEAMENTO NA N-VI | 95.771,02 | 2.546,69 | 98.317,71 | | 161 | | 95.771,02 | | |
| | **TOTAL** | **95.771,02** | **2.546,69** | **98.317,71** | | | | | | |
| **CORCUBION** | OBRAS DE REPARACIÓNE MANTEMENTO DE DIVERSAS VÍAS PÚBLICAS | 71.511,17 | 0,00 | 71.511,17 | | 155 | 71.511,17 | | | |
| | **TOTAL** | **71.511,17** | **0,00** | **71.511,17** | | | | | | |
| **CURTIS** | PLAN DE MELLORADA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE CURTIS. TERCEIRA FASE | 160.720,94 | 0,00 | 160.720,94 | | 453 | | | 160.720,94 | |
| | **TOTAL** | **160.720,94** | **0,00** | **160.720,94** | | | | | | |
| **DUMBRIA** | REPARACIÓN DA TRAVESÍA DE ACCESO Á IGREXA DE BERDEOGAS | 109.795,28 | 0,00 | 109.795,28 | | 155 | 109.795,28 | | | |
| | REPARACIÓN DO CAMIÑO DA XERPE A TRASUFE-LÍMITE CONCELLO E OUTROS | 70.981,09 | 0,00 | 70.981,09 | | 155 | 70.981,09 | | | |
| | **TOTAL** | **180.776,37** | **0,00** | **180.776,37** | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **FRADES** | ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE ABELLÁ, AIAZO, GALEGOS E MOAR. | 48.387,37 | 0,00 | 48.387,37 | | 453 | | | 48.387,37 | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE CÉLTIGOS, VITRE, AÑÁ E LEDOIRA | 48.593,61 | 0,00 | 48.593,61 | | 453 | | | 48.593,61 | |
| | ACONDICIONAMENTO DA REDE VIARIA DAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, FRADES E MESOS | 35.133,15 | 0,00 | 35.133,15 | | 453 | | | 35.133,15 | |
| | **TOTAL** | **132.114,13** | **0,00** | **132.114,13** | | | | | | |
| **IRIXOA** | MELLORA DA PAVIMENTACION NAS PARROQUIAS DE AMBROA, IRIXOA, MANTARAS, VERIS, CHURIO, A VIÑA E CORUXOU | 114.238,33 | 0,00 | 114.238,33 | | 454 | | | | 114.238,33 |
| | **TOTAL** | **114.238,33** | **0,00** | **114.238,33** | | | | | | |
| **LAXE** | PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE LAXE : DE APLAZADOIRO A FUNDAR E OUTROS | 102.573,95 | 0,00 | 102.573,95 | | 454 | | | | 102.573,95 |
| | **TOTAL** | **102.573,95** | **0,00** | **102.573,95** | | | | | | |
| **LOUSAME** | PAVIMENTACIÓN DE VÍA PÚBLICA NA MURALLA | 31.709,48 | 0,00 | 31.709,48 | | 453 | | | 31.709,48 | |
| | REPARACIÓN ACCESO EN XESTOSO E OUTROS | 37.667,64 | 0,00 | 37.667,64 | | 155 | 37.667,64 | | | |
| | REPARACIÓN CAMIÑO ESCABIA-ARDELEIROS E OUTRO | 33.482,52 | 0,00 | 33.482,52 | | 453 | | | 33.482,52 | |
| | REPARACIÓN INTERIOR EN CRUÍDO E OUTROS | 35.269,46 | 0,00 | 35.269,46 | | 155 | 35.269,46 | | | |
| | **TOTAL** | **138.129,10** | **0,00** | **138.129,10** | | | | | | |
| **MAÑON** | REPARACIÓN ACCESO ENTORNO VIVENDAS SOCIAIS (O BARQUEIRO) E OUTROS | 65.852,46 | 0,00 | 65.852,46 | | 453 | | | 65.852,46 | |
| | REPARACIÓN CAMIÑO DE PRAZA DO MESÓN A ESTRADA FERROL-VIVEIRO (O BARQUEIRO) E OUTROS | 66.333,13 | 0,00 | 66.333,13 | | 453 | | | 66.333,13 | |
| | **TOTAL** | **132.185,59** | **0,00** | **132.185,59** | | | | | | |
| **MAZARICOS** | MELLORAS NO AFIRMADO DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PAROQUIAS DE ANTES, CORZÓN E ALBORÉS | 123.804,85 | 0,00 | 123.804,85 | | 453 | | | 123.804,85 | |
| | MELLORAS NO AFIRMADO DE VARIOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PAROQUIAS DE BEBA, COIRO, EIRÓN, MAROÑAS E CHACÍN | 116.359,45 | 2.099,94 | 118.459,39 | | 453 | | | 116.359,45 | |
| | **TOTAL** | **240.164,30** | **2.099,94** | **242.264,24** | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **MESIA** | REPARACIÓN CAMIÑO EN MEILÁN (OLAS) E OUTROS | 47.564,88 | 0,00 | 47.564,88 | | 453 | | | 47.564,88 | |
| | REPARACIÓN CAMIÑO NA AREOSA (MESÍA) E OUTROS | 47.671,80 | 0,00 | 47.671,80 | | 453 | | | 47.671,80 | |
| | REPARACIÓN CAMIÑO NA UCEIRA (BASCOI) E OUTROS | 51.108,49 | 0,00 | 51.108,49 | | 453 | | | 51.108,49 | |
| | **TOTAL** | **146.345,17** | **0,00** | **146.345,17** | | | | | | |
| **PORTO DO SON** | MELLORA DE PISTAS NO CONCELLO DE PORTO DO SON. TRAMO NORTE | 93.776,84 | 0,00 | 93.776,84 | | 454 | | | | 93.776,84 |
| | MELLORA DE PISTAS NO CONCELLO DE PORTO DO SON. TRAMO SSUR | 91.072,82 | 0,00 | 91.072,82 | | 454 | | | | 91.072,82 |
| | **TOTAL** | **184.849,66** | **0,00** | **184.849,66** | | | | | | |
| **SAN SADURNIÑO** | REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "ENSANCHE E AGOLOMERADO DO CAMIÑO DE BIDUEDA Ó CHAO DE CAMPOLABRADO" | 149.157,06 | 153,37 | 149.310,43 | | 454 | | | | 149.157,06 |
| | **TOTAL** | **149.157,06** | **153,37** | **149.310,43** | | | | | | |
| **SANTA COMBA** | PAV.V.P. CAMIÑO DA RIBEIRA, NO CARRO DA TELLA E OUTROS | 85.579,56 | 0,00 | 85.579,56 | | 454 | | | | 85.579,56 |
| | PAV. V.P. EN MONTOUTO, NA PEREIRA E OUTRO | 63.974,21 | 0,00 | 63.974,21 | | 454 | | | | 63.974,21 |
| | PV. V.P. EN SER, FREIXEIRO E OUTROS | 76.206,91 | 0,00 | 76.206,91 | | 454 | | | | 76.206,91 |
| | PAV.V.P.TRUEBE, NO XISTO E OUTROS | 50.762,53 | 0,00 | 50.762,53 | | 454 | | | | 50.762,53 |
| | **TOTAL** | **276.523,21** | **0,00** | **276.523,21** | | | | | | |
| **SOBRADO** | ASFALTADO DE CAMIÑOS EN NOGUEIRA, CUMBRAOS E OUTROS | 154.305,68 | 0,00 | 154.305,68 | | 454 | | | | 154.305,68 |
| | **TOTAL** | **154.305,68** | **0,00** | **154.305,68** | | | | | | |
| **TOQUES** | REPARACIÓN ACCESO A PARADELA E OUTROS | 124.562,99 | 0,00 | 124.562,99 | | 454 | | | | 124.562,99 |
| | **TOTAL** | **124.562,99** | **0,00** | **124.562,99** | | | | | | |
| **ZAS** | AMPLIACION DA REDE DE ABASTECEMENTO AO LUGAR DE GOMARIS | 26.892,68 | 3.236,30 | 30.128,98 | | 161 | | 26.892,68 | | |
| | MELLORA E AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE DO LUGAR DE S. CREMENZO DE PAZOS | **164.285,58** | **0,00** | **164.285,58** | | 161 | | **164.285,58** | | |
| | **TOTAL** | **191.178,26** | **3.236,30** | **194.414,56** | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TOTALOBRAS E SUBMINISTRACIÓNS 1ª FASE | 3.901.823,50 | 47.921,36 | 3.949.744,86 | 740.731,19 | 411.163,88 | 1.495.522,85 | 1.254.405,58 |

| | |
|---|---|
| TOTAL CONCELLOS | 25 |
| TOTAL OBRAS | 46 |

**PLAN DTC 93**

**Expediente de aprobación da 1ª fase da anualidade 2014 do DTC 93 "Unha deputación para todos os concellos"**

**ANEXO III: Plan complementario**

| CONCELLO | Denominación | Deputación | Concello | Total |
|---|---|---|---|---|
| AMES | REPARACION CAMIÑO AGRO DO MUIÑO (ORTOÑO) E OUTROS | 40.801,15 | 0,00 | 40.801,15 |
| | REPARACION CAMIÑO CAPEANS A CAMIÑO DE COBAS E OUTROS | 36.818,61 | 0,00 | 36.818,61 |
| | REPARACION INTERIORES EN INSUA (AGRON) E OUTROS | 32.222,72 | 0,00 | 32.222,72 |
| | **TOTAL** | **109.842,48** | **0,00** | **109.842,48** |
| CURTIS | PLAN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE CURTIS. CUARTA FASE | 32.040,00 | 0,00 | 32.040,00 |
| | **TOTAL** | **32.040,00** | **0,00** | **32.040,00** |
| MESIA | REPARACIÓN CAMIÑO DA BRAÑA A CRUCE VILAR (CABRUI) E OUTRO | 37.207,69 | 0,00 | 37.207,69 |
| | **TOTAL** | **37.207,69** | **0,00** | **37.207,69** |
| PORTO DO SON | ACONDICIONAMENTO DAS PISTAS DO CURRO E QUINTÁNS EN NEBRA | 57.932,79 | 0,00 | 57.932,79 |
| | **TOTAL** | **57.932,79** | **0,00** | **57.932,79** |
| SANTA COMBA | PAV. V.P. VILARQUEIMADO-SANTA SABIÑA | 52.070,87 | 0,00 | 52.070,87 |
| | **TOTAL** | **52.070,87** | **0,00** | **52.070,87** |
| TOQUES | REPARACIÓN CAMIÑO DE CRUCE TILLERÍA AGRELA (SOUTO) E OUTROS | 33.465,70 | 0,00 | 33.465,70 |
| | **TOTAL** | **33.465,70** | **0,00** | **33.465,70** |
| | **TOTAL OBRAS PLAN COMPLEMENTARIO 1ª FASE** | **212.717,05** | **0,00** | **212.717,05** |
| | **TOTAL CONCELLOS** | **6** | | |
| | **TOTAL OBRAS** | **8** | | |

„

**25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MÚSICA DE BETANZOS".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Betanzos para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Betanzos |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Restauración do palco da Música de Betanzos |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 84.716,34 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 83.719,68 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 996,66 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 98,82353% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/151B/76201 |

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MÚSICA DE BETANZOS"**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Betanzos, José Ramón García Vázquez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Betanzos ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos con CIF P1500900D, para o financiamento das obras de "RESTAURACIÓN **DO PALCO DA MÚSICA DE BETANZOS"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto do equipo Vázquez-Calatayud Arquitectos SLP, JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ MOSQUERA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está establecida.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 58.834,88 |
| Gastos xerais (13%) | 7.648,53 |
| Beneficio industrial (6%) | 3.530,09 |
| IVE (21%) | 14.702,84 |
| Orzamento de contrata | 84.716,34 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 83.719,68 €, o que representa unha porcentaxe de 98,82353%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98,82353%, da cantidade efectivamente xustificada.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade establecida na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE

BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**
1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**
1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**
1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**
1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**
1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e establecida nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BETANZOS |
| Diego Calvo Pouso | José Ramón García Vázquez” |

**26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA E MANTEMENTO DE PISTAS NO CONCELLO DE BRIÓN, TREMO-O CABO, PIÑEIRO-SANÍN, A GRAÑA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Brión |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión. Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanin, A Graña” |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 48.047,34 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 48.047,34 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100,00000% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/453D76201 |

Dado que a vixencia deste convenios se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA E MANTEMENTO DE PISTAS NO CONCELLO DE BRIÓN TREMO-O CABO, PIÑEIRO-SANIN, A GRAÑA”**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Brión, Xosé Luís García García

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Brión ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**
1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión con CIF P1501300F, para o financiamento das obras de “MELLORA **E MANTEMENTO DE PISTAS NO CONCELLO DE BRIÓN TREMO-O CABO, PIÑEIRO-SANIN, A GRAÑA”**, tal como

aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto municipal ALBERTO IGLESIAS FUNGUEIRIÑO.
2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está establecida.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**
O orzamento total da execución de contrata da obra, o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 43.829,12 |
| 21 %IVE Materiais (19.372,48) | 4.068,22 |
| Orzamento de contrata | 48.047,34 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**
1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 48.047,34 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento
2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**
1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e establecida nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BERGONDO |
|---|---|
| Diego Calvo Pouso | Alejandra Pérez Máquez” |

**41.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE PRAZAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE BOIMORTO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Boimorto para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Boimorto |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Mellora de prazas públicas do Concello de Boimorto |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 100.000,01 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 100.000,01 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00000 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100,00000% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/151B/76201 |

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORA DE PRAZAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE BOIMORTO”**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, a alcaldesa presidenta do Concello de Boimorto, Ana Ledo Fernández
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boimorto ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto con CIF P1501000B, para o financiamento da obra de "MELLORA **DE PRAZAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE BOIMORTO"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños ANGEL DELGADO CID

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está establecida.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---:|
| Orzamento execución material | 69.449,27 |
| Gastos xerais (13%) | 9.028,41 |
| Beneficio industrial (6%) | 4.166,96 |
| IVE (21%) | 17.355,37 |
| Orzamento de contrata | 100.000,01 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,01 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**
1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**
1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**
1.- Coa posibilidade establecida na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**
1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**
1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas

efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e establecida nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario

E en proba de conformidade, asinan en exemplar sextuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

A ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO

Ana Ledo Fernández"

**42.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DE "SUBMINISTRACIÓN DE CONTEDORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO NO CONCELLO DE BOIMORTO".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Boimorto para financiar a subministración conforme a Memoria Valorada cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Boimorto |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Subministración de colectores para recollida selectiva de lixo no Concello de Boimorto |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 5.000,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 5.000,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100,00000% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/162A/76201 |

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DE "SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXOS NO CONCELLO DE BOIMORTO"**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte a alcaldesa presidenta do Concello de Boimorto, Ana Ledo Fernández

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boimorto ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto con CIF P1501000B, para o financiamento da adquisición de "SUBMINISTRACIÓN **DE COLECTORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXOS NO CONCELLO DE BOIMORTO",** tal como aparece definida esta en memoria valorada subscrita polo enxeñeiro de camiños ANGEL DELGADO CID.

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.**
O orzamento total da subministración, segundo a Memoria Valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

| | |
|---|---|
| Orzamento base licitación | 4.132,23 |
| IVE (21%) | 867,77 |
| Orzamento | 5.000,00 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**
1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 5.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/162A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**
1.- Na condición de adquirinte, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**
1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a Entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**
1.- Coa posibilidade establecida na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E si transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**
1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na memoria valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise

ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, deo13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e establecida nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña | A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO |
| Diego Calvo Pouso | Ana Ledo Fernández” |

**43.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DE “EQUIPAMENTO PARA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DE CULTURA DE CEE”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cee para financiar a subministración conforme a Memoria Valorada cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Cee |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Equipamento para posta en funcionamento da Casa da Cultura de Cee |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 84.579,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 84.579,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100,00000% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/169A/76201 |

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEE PARA O FINANCIAMENTO DO “EQUIPAMENTO PARA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DA CULTURA DE CEE”**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte a alcaldesa presidenta do Concello de Cee, Zaira Rodríguez Pérez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cee ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee con CIF P1502300E, para o financiamento da adquisición de "EQUIPAMENTO **PARA POSTA EN FUNCIONAMENTO DÁ CASA DÁ CULTURA DE CEE",** tal como aparece definida esta en memoria valorada subscrita polo arquitecto JOSÉ CARLOS LEIS CARUNCHO

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.**

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

| | |
|---|---:|
| Orzamento base licitación | 69.900,00 |
| IVE (21%) | 14.679,00 |
| Orzamento | 84.579,00 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 84.579,00€, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de adquirinte, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a Entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade establecida na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na Memoria Valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A

ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do

importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas

efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e establecida nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**
1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do 25 de abril de 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CEE

Zaira Rodríguez Pérez"

**44.-INFORMACIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2014, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO POLO ART. 4.3 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da información remitida polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao 1º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación

da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais."

## 45.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31.05.2014 E PROXECCIÓN A 31.12.2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/05/2014 e proxección a 31/12/2014."

## 46.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2014.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Imos votar que si a este expediente, máis non queremos pasar por alto que seguimos na liña da concesión de nominativas, con moi pouca transparencia, incluso na propia Comisión non se nos quixo dar copias das novas nominativas a concellos e entidades, e chámanos poderosamente a atención que mentres que algunha entidade privada a nivel provincial recibe unha importante cantidade de diñeiro para as súas actividades de medio ambiente, os concellos neste expediente de modificación levan moi pouco diñeiro para investimentos en programas de medio ambiente. En todo caso, imos votar que si porque aquí tamén van incluídos os fondos necesarios para acometer o DTC, máis gustaríanos que, máis pronto que tarde, se empezara a visualizar unha nova fórmula de distribuír os orzamentos desta Administración pública, co modelo da concorrencia competitiva, como vimos defendendo repetidamente neste Pleno, e vemos que, de momento, continuamos polo camiño das nominativas e da falta de diálogo entre os grupos, porque seguramente nalgunha das nominativas estaríamos de acordo as tres forzas políticas. Parécenos necesario destacar que, unha vez máis, as decisións tómanse unilateralmente polo Grupo de Goberno, e neste caso, xa digo, imos votar que si, máis facendo estas matizacións.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente. En primeiro lugar direi que este expediente, o terceiro de modificación de créditos, seguramente que cada un que aprobamos é histórico, pero este si que o podemos cualificar así, podémolo cualificar así porque gran parte deses once millóns douscentos oitenta e oito mil novecentos vinte e oito con cincuenta e tres euros, destínase a pagar a débeda, pero non a pagar simplemente débeda, senón a pagar toda a débeda que lle quedaba a esta Administración local, é dicir, os seis millóns de euros que neste momento, sumados aos vinte e dous que estaban consignados nos orzamentos e que suman sobre vinte e oito millóns de euros, van facer que a débeda desta Deputación provincial sexa cero e, polo tanto, si que creo que hai que mencionalo, e hai que mencionalo porque non só dá moita capacidade de actuación futura á Administración, senón que creo que logramos un fito histórico que

en tres anos desta nova lexislatura se conseguira que a Deputación non teña débeda, e non teña débeda ademais financiando basicamente a través de remanente de Tesourería, e se é así é porque creo que hai un bo comportamento dos ingresos e que se está facendo unha política importante de contención do gasto corrente que creo que tamén está dando os seus resultados.

Dito isto, aquí falouse de falta de transparencia porque se deron uns datos sobre unhas subvencións nominativas, eu penso que todo o contrario, aquí o que se está facendo é dotar presupostariamente do que no futuro poden ser ou serán subvencións nominativas, polo tanto, o que se dixo foi dar unha información de onde este equipo de goberno pensaba que ían ir dirixidas precisamente esas subvencións nominativas cando aínda non forman parte do expediente e, polo tanto, lonxe de ocultar algo déuselle unha información que ao simple efecto dun Expediente de modificación de créditos non sería necesaria, porque aquí o que se está facendo é dotando da partida presupostaria, agora ben fixemos todo o contrario.

Dito isto, dicir que aparte do que son eses seis millóns de euros dedicados á amortización anticipada, hai unha parte importante que vai ir precisamente a transferencias de capital, catro millóns douscentos corenta e oito mil trescentos trece, que basicamente é para dar cobertura a eses vinte e cinco concellos que tiñan todo o que é o seu expediente do DTC totalmente concluso. Tamén se falou aquí dunha serie de subvencións nominativas que eu creo que son clubs, que sen ser sociedades anónimas, son a elite deportiva de determinados deportes, como fútbol sala, como baloncesto e outros, que teñen a singularidade e teñen a súa importancia dentro do deporte galego, e para o que se incrementa o que é a dotación da partida de Cultura e de Deportes, en concreto nunha contía de 360.000 euros.

Hai que mencionar dúas cuestións, que seguimos a cumprir con todo o que son os requisitos legais de, entre outros, o pago a provedores, a coñecida como Lei de morosidade, e por outra parte un dato tamén importante, que a pesar de todos estes esforzos que se veñen facendo, as existencias de fondos líquidos de Tesourería o 31 de maio seguen situándose por encima dos 133 millóns de euros, polo tanto, creo que con este acto non só estamos unha vez máis a amosar a fortaleza financeira desta administración, senón que neste caso estamos tamén a amosar unha administración que é forte e non debe un só peso a ninguén. Moitas grazas, Sr. presidente.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

**1.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 3/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 11.288.928,53 euros e que ofrece o seguinte resumo:

**A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

**A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios:4.295.440,59

SC. Suplemento créditos: 6.993.487,94

**Total de aumentos: 11.288.928,53**

**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

Remanente de tesourería: 11.161.519,43

Baixas de crédito noutras aplicacións: 127.409,10

**Total financiamento: 11.288.928,53**

**B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS**

**B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

| Capítulo | Altas | Baixas |
|---|---|---|
| 1. Gastos de persoal | 14.479,29 | |
| 2. Gastos correntes | 32.647,63 | |
| 3. Gastos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 360.000,00 | 127.409,10 |
| 5. Fondo continxencia e o. i. | 0,00 | 0,00 |
| 6. Investimentos reais | 0,00 | 0,00 |
| 7. Transferencias de capital | 4.881.801,61 | 0,00 |
| 8. Activos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 9. Pasivos financeiros | 6.000.000,00 | 0,00 |
| **TOTAL MODIFICACIÓNS** | **11.288.928,53** | **127.409,10** |

**B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos**

| Capítulo | Altas |
|---|---|
| 1. Impostos directos | |
| 2. Impostos indirectos | |
| 3. Taxas e outros ingresos | |
| 4. Transferencias correntes | |
| 5. Ingresos patrimoniais | |
| 6. Alleamento investimentos reais | |
| 7. Transferencias de capital | |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería | 11.161.519,43 |
| 9. Pasivos financeiros | |
| **TOTAL MODIFICACIÓNS** | **11.161.519,43** |

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

**47.-CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATORIA RELATIVA AOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS E RECURSOS PROPIOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2013.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a Conta Integrada relativa á Xestión Recadatoria dos recursos doutros Entes Públicos e Recursos Propios correspondente ao exercicio 2013.”

**48.- MODIFICACIÓN DA BASE 50 DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO: SUBVENCIÓN E TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Aprobar as modificacións nos datos dos importes que figuran nestas transferencias:

| APLICACIÓN | NIF | NOME | OBXECTO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| 0510/943A/467.00 | V 15859481 | CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO CORUÑA | Achega ano 2014 | 3.515.215,32 |
| 0612/334A/480.00 | G-15520422 | FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL | Gastos funcionamento ano 2014 | 17.000,00 |

2.-Aprobar a modificación do importe e a inclusión do presuposto e % financiamento na subvención seguinte:

| APLICACIÓN | NIF | NOME | OBXECTO | IMPORTE | PRESUP. | % Financ |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 0612/335A/481 | G15844145 | ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA AUDIOVISUAL | XII EDICIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO NO 2014. | 17.000,00 | 124.100,00 | 13,70% |

Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

**49.- PROYECTO PARTNET-TIC (5ª CONVOCATORIA: PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL ESPACIO SUDOESTE EUROPEO 2007-2013)**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Tomar coñecemento da aprobación do proxecto PARNET TIC 2 (SOE5/P3/E870), seleccionado na 5ª convocatoria do Programa de Cooperación Territorial SUDOE 2007/2013, presentado pola Deputación Provincial da Coruña cos seguintes socios: Cámara Municipal de Águeda (Portugal), Deputación Provincial de Huesca, Deputación Provincial de Almería e Chambre D'Agriculture Lot et Garonne (Francia).

O proxecto ten un orzamento global de 651.026,39 euros, cunha participación provincial de 251.026,39 euros.

2º Facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a posta en marcha do Proxecto Parnet Tic 2.

3º O seguinte acordo queda condicionado á entrada en vigor do Expediente de Modificación nº 3 de aprobación polo Pleno desta Corporación."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Bloque Nacionalista Galego para superar o modelo institucional do estado español e recoñecer o dereito a decidir.

Sr. Regueira Varela

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime vitalicio e hereditario, establecido pola graza de Deus, e que supuxo no caso español a continuidade do franquismo. Por outra parte existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación, que non se identifica nin se sente representada pola familia real. Nesta conxuntura ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na transición, e perpetúen a monarquía como símbolo garante desta unidade, o que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E neste espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituinte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galicia sexa un referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade de Galicia para decidir por si propia sobre os seus sectores produtivos e sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda

crise do sistema político español que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o Grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación da Deputación Provincial a adopción do seguinte acordo:

Instar a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado Español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito da autodeterminación dos pobos que conforman o Estado Español recoñecendo o noso dereito a decidir.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Nós imos votar non a esta moción porque entendemos que responde a un proxecto político e ideolóxico que non compartimos, e aquí podería terminar a miña intervención, pero creo que hai que ser pedagóxicos e claros nas nosas posicións e nas nosas exposicións, e non compartimos nin a exposición de motivos, nin o acordo que nos propón.

Creo que non se pode dicir que a monarquía é un réxime incompatible co sistema democrático, Inglaterra é unha monarquía parlamentaria e ninguén dubida de que Inglaterra é un réxime democrático, podería falar de Suecia, Holanda, Dinamarca, podería poñer moitos exemplos. E a monarquía parlamentaria que temos en España non a temos pola graza de Deus, témola porque os españois referendamos unha Constitución onde fixa como forma de Estado a monarquía parlamentaria.

Creo que o que pasou estes día foi sacado de contexto tamén. É dicir, nós estaríamos, e agora falo a título persoal, son republicano e defínome republicano, que hai moitas cousas da Constitución que quizais debamos de cambiar porque pasaron moitos anos e hai que axustala a novas realidades, pero o referendo previsto no artigo 92, é un referendo que está previsto para cuestións ordinarias de goberno. Nós podemos someter a referendo se queremos que se legalice a marihuana, ou se queremos entrar na OTAN, ou saír da OTAN, ou se queremos regular o aborto ou non regular o aborto, pero non podemos someter a un referendo do artigo 92 temas que afectan á propia Constitución cuxo cambio esixe unha modificación constitucional que está prevista no mesmo texto constitucional. Polo tanto, unha modificación da forma do Estado, que non é o mesmo que o modelo do Estado, que a veces confundimos modelo do Estado con forma de Estado, a modificación da forma do Estado esixe un cambio constitucional, e habería que propoñer un cambio constitucional que se debate, e que termina nun referendo.

Logo tamén quixera deixar claro o que entendemos nosoutros por dereito a decidir, porque é un concepto que se está manexando, ao noso xuízo, de forma adecuada, e que produce adhesións ou formulacións que non están moi ben razoadas. Non existe o dereito a decidir, nunha democracia o dereito está decidido, e o dereito que non está decidido, non existe, así de claro. Non se pode dicir que unha minoría di que teño o dereito decidir a cambiar o sistema métrico decimal porque eu non estou de acordo co sistema métrico decimal. O dereito a decidir nunha democracia non existe, nunha democracia o dereito está decidido, e se hai cousas na

democracia que non nos gustan, hai mecanismos constitucionais para cambialos. Polo tanto, creo que estas cousas, porque producen equívocos, que é moi fácil, “eu teño a dereito a decidir”, si, eu teño dereito a decidir si compro isto ou non compro, se fago isto ou non fago aquilo, pero dereito a decidir, o fundamental, o constitucional, está xa recollido na Constitución, e o que non está recollido aí non é dereito, polo tanto non existe.

Sei que este é un tema complexo e de difícil comprensión e incluso de difícil explicación, pero quero deixar claro cal é o noso posicionamento. Non podemos en consecuencia votar esta moción porque entendo, como dicía ao principio, que responde a formulacións políticas e ideolóxicas que non compartimos, que o Partido Socialista non comparte, que son respectables, e que é lóxico, e que teñen dereito a pensar como pensan así, pero o lóxico sería propoñer unha reforma constitucional, está prevista como facela na Constitución, e calquera partido pode levar no seu programa electoral, no seu programa de goberno, un cambio constitucional que afecte a este, a este, a estes criterios, e que someta a votación do pobo e cando teña a maioría buscar os apoios para facer os cambios precisos. Máis nada e moitas grazas.

<u>Sr. Ruiz Rivas</u>

Grazas, Sr. presidente. A verdade é que unha vez que escoitei ao Sr. Moreda veume á cabeza un detalle de alá dun home da Terra Chá, que ía casar cunha viúva con sete fillos, e lle dixeron, “vaia traballo tés!”, e dixo, “qué va!, o máis importante do traballo está feito”, e efectivamente creo que neste caso tamén está feito porque vostede creo que fixo unha exposición neste caso de altura de miras, de sentido de estado, que foi a que creo que tivo o seu partido neste proceso, e dígoo porque a Constitución é moito máis ampla que ser a miña Constitución, a Constitución é a Constitución de todos, e seguramente non estamos individualmente de acordo con todo o que pon, pero si que estamos de acordo en que é precisamente o marco en que todos somos capaces de entendernos, e vostede o di e seguramente os seus compañeiros teñen un concepto republicano, o cal respectamos, pero á vez son quen de saber defender unha Constitución na que todos nos atopamos cómodos dende hai xa case corenta anos, que é o período histórico máis importante e de máis tranquilidade e progreso que tivo a historia deste país, e iso só se consegue con aquel espírito da transición de saber ceder para ter un punto de encontro onde todos poidamos estar. Por iso, a veces eu creo que cando un ve os movementos sociais de ultimamente, que eses movementos sociais pódense traducir nuns movementos electorais, e algún pode levar na súa conciencia a crer que estar antisistema pode dar unha serie de votos nesta mareira social que hai, pode creo que levar a algún partido, neste caso ao Bloque Nacionalista Galego, a non ter esa mesma altura de miras que creo que é necesario para que saibamos entre todos estar cómodos nesas regras de xogo.

E dito iso, é evidente que vostede o dixo moi ben, que unha monarquía non é incompatible coa democracia, porque non só sería así en países como Noruega, nos Países Baixos, en Suecia, en Dinamarca, en Bélxica, no Reino Unido ou mesmo en España, e precisamente porque esta non é unha monarquía absolutista, senón unha monarquía parlamentaria, aquí hérdase porque a decisión soberana do pobo español así o decidiu, igual que o decidiu a decisión soberana do pobo español, seguindo as canles que veñen na Carta magna, podía decidir todo o contrario. Polo tanto, Deus xa nesta parte da historia de España non ten tanto que ver como alguén lle quere aplicar.

Que supuxo a continuidade do franquismo?, home creo que precisamente a monarquía foi o papel que soubo mudar esa herdanza do franquismo, en facer precisamente a través da Lei de reforma política e posteriormente ese referendo, esa España constitucional, onde a monarquía parlamentaria si que ten ese papel importante, papel importante que ademais creo que se traduce nos grandes, eu diría que logros, en política internacional, e os grandes logros, sobre todo, en países do contexto ou no mundo árabe, que fixeron que España puidera chegar a importantes acordos internacionais.

E ben, se a monarquía se identifica ou non se identifica coa monarquía, pois uns máis e outros menos, e só é opinión persoal, poden dicir que non se identifica ninguén, pero se o que facemos é seguir as enquisas que por aí adiante hai, parece ser que, aínda que o país puidera ser monárquico ou republicano, si que coa familia real española e coa monarquía se identifican unha amplísima maioría do pobo español.

E dito, isto, eu creo que se recordamos que no 78 practicamente o 90% dos galegos, máis dun millóns de galegos, votaron aquela carta magna, que iso asemellanos, pero chegando moito máis tarde, con moitos países do entorno, practicamente países como Alemaña, como Italia ou outros, teñen a súa Constitución despois da segunda guerra mundial, é dicir, hai xente con moitísimos máis anos ca os españois, que levan sen tocar a súa Constitución moitos anos, non lle digo se son americanos, non lle digo se son británicos, que polo menos non a van encontrar escrita, ou non lle digo se son españois que durante corenta anos non é que non puideran mudar a Constitución, é que non puideron facer absolutamente nada que fora decidir como pobo durante corenta anos, precisamente ata que chegou esta monarquía parlamentaria. Polo tanto, creo que a Constitución e a monarquía parlamentaria foi un gran paso para a estabilidade política, social e económica deste país.

En canto ao dereito de autodeterminación, efectivamente, eu non sabería facelo mellor do que o fixo o portavoz do Grupo Socialista, así que cando falamos dese dereito que parece ser que está recollido na Carta das Nacións Unidas, o que nos esquecemos é que iso está pensado en proceso de descolonización, ou aqueles que están ocupados militarmente, ou aqueles países nos que os dereitos cidadáns están negados. Aquí ningún deles é así, o que hai é un procedemento, é un procedemento que esixe determinadas maiorías e determinadas formas para cambiar o réxime que hai. Polo tanto, remato como empezaba o Sr. Moreda, dicindo que isto máis ben parece unha cuestión política concreta, que non teño máis que dicir, dun partido político concreto, que ela defende, pero que evidentemente está en contra da opinión maioritaria, creo que da sociedade, e cando menos da opinión maioritaria dos que conformamos os partidos, neste caso, de goberno. Así que, presidente, nós imos votar en contra desta moción do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Regueira Varela

En todo caso, non esperarían vostedes que o BNG fose monárquico, non é republicano conxunturalmente nin para buscar votos, é republicano xa na súa orixe. En todo caso, é curioso, eu felicítoos pola boa disposición que teñen vostedes na argumentación deste tema, e que eu defino máis ou menos así, o PP é monárquico,

paréceme correcto, nunca defendeu outra cousa, o PSOE é republicano pero pouco, ou case, xa non se sabe, e todo isto din vostedes que o defendemos e defende unha pequena parte da sociedade. Oian, imos ver, déanlle vostedes a oportunidade á sociedade de expresarse e veremos cal é a parte maioritaria, non ten por qué haber medo, a min estráñame moitísimo que os partidos que defenden que isto é así porque o quere a sociedade española, logo lle furten o dereito á sociedade española de expresarse, e a sociedade galega, entón, deixemos que a sociedade se exprese, ou será como di o Sr. Moreda que están os referendos para cousiñas menores, e para as cousas de nivel a sociedade non pode opinar, porque aquí cando o mercado demanda reforma constitucional, refórmanse en corenta e oito horas, para iso refórmase, cando a sociedade demanda referendos para decidir a xefatura do Estado, entón iso xa está regulado, e o dereito é o dereito. Oian, deixen á sociedade expresarse, tomen lecturas, que nós tamén as procuramos tomar de o que di a sociedade cando lle toca votar. Eu creo que foi bastante evidente que a sociedade está cabreada.

En todo caso, eu quero recordar tamén a historia, a restauración borbónica foi a graza, non de Deus, neste caso, senón dun señor que foi ditador durante corenta anos, porque antes dese golpe militar houbo unha república, e o sistema lexítimo, antes de que o derrocara un golpe militar, era unha república, restaurouse a monarquía, restaurouse a monarquía borbónica polo testamento dun ditador, e iso é innegable historicamente.

En todo caso, e cada un defende o que lle pareza defender, eu, Sr. Moreda, permítame que llo diga, para min a democracia é ese sistema político que nos iguala, ou que nos debería de igualar a todos e a todas, sen distinción de sangue nin de orixe. A min que haxa unha persoa que por distinción de sangue ou orixe sexa superior aos demais, eu democraticamente non o comparto, pero agora dígolle máis, que andan vostedes moi apurados en defender o aforamento do ex-rei, se a sociedade do Estado español e a sociedade galega tampouco podemos xulgar nin someter á xustiza os actos do ex-rei, pouco de democrático ten o sistema, voume atrever a dicilo, que vimos padecendo, eu confío en que a democracia do futuro, a democracia do meu fillo, dos seus fillos, dos seus netos e das súas netas, sexa máis garantista e máis igualitaria, por suposto.

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Abstéñense: ningún deputado

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.